

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019-2020**

**DEPARTAMENTO DE DEBUXO.**

**I.E.S. DE CURTIS.**

**CURTIS.  
A  
CORUÑA.**

## **ÍNDICE XERAL**

1. **INTRODUCCIÓN**
2. **CONTEXTUALIZACIÓN.**
3. **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
3. **PLAN LECTOR**
4. **AVALIACIÓN DA LABOR DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**
4. **EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL**  
1º ESO, 3º ESO E 4º ESO
5. **BACHARELATO**  
DEBUXO ARTÍSTICO I e II DEBUXO TÉCNICO I e II E VOLUME.

### **1. INTRODUCCIÓN**

A ensinanza secundaria obrigatoria entende a educación plástica e visual como motor do desenvolvemento de tódalas capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa.

A sociedade actual posúe unha extraordinaria capacidade para producir e consumir imaxes. Estas son facilmente transmisibles e chegan a toda a cidadanía através dos medios de comunicación, constituíndo un poderoso medio de expresión, coñecemento e transformación da realidade, podéndose converter nun medio de manipulación do pensamento das persoas.

Cómpre potenciar, a través da análise e da valoración das mensaxes visuais, un xuízo crítico no alumnado co que poida alcanzar un criterio propio. Na educación primaria, o desenvolvemento das capacidades perceptivas, creativas e expresivas expónse dun xeito global, nunha área integrada por contidos procedentes de distintos ámbitos. Na secundaria obrigatoria pódense adquirir destrezas e facer análises máis particulares e específicas. Deste xeito a educación plástica e visual organízase coma unha materia independente.

A percepción visual é un proceso cognitivo relacionado co resto dos procesos

cognitivos, que implica un conxunto de estratexias básicas: seleccionar, analizar, distinguir, relacionar, etc. Aínda que todas as áreas do currículo desenvolven a capacidade de observación do alumnado, a educación plástica e visual incide especificamente no desenvolvemento da percepción e no pensamento visual. A creación de imaxes e o coñecemento dos códigos que interveñen neste proceso, así como dos fundamentos da linguaxe visual e plástica, axudarán ao desenvolvemento da capacidade creativa e imaxinativa da persoa á resolución dos procesos de creación artística.

A materia de educación plástica e visual debe contribuír a desenvolver dous

aspectos fundamentais da formación, estreitamente relacionados entre si: a percepción e a representación, saber ver e saber facer. Os eixos que vertebran este currículo representan dúas cuestións fundamentais para a adquisición das capacidades que se pretenden: ensinar a ver, ensinar a representar.

Saber ver implica valorar o contido da información visual e a análise crítica

da realidade. Implica tamén a necesidade de educar na percepción que supón ser capaz de valorar criticamente unha información visual e mesmo chegar a conclusións persoais de acordo cunha escala de valores propia.

Saber facer implica a acción de investigación tendente á produción artístico-creativa e a realización de representacións expresivo-comunicativas, propiciando a adquisición de capacidades creativas. Saber facer implica a necesidade de educar no deseño, planificación, produción e creación de mensaxes icónicas, que supón ser capaz de expresarse utilizando códigos propios das linguaxes visuais.

A Educación Plástica e Visual contribúe de xeito decisivo á formación integral

do individuo, como responsable dunha parcela educativa á que lle compete activar e conseguir nos alumnos e as alumnas un alto grao de desenvolvemento de capacidades de autoestima, de integración no medio, de participación en tarefas de equipo e de grupo, de manipulación e experimentación, de creatividade, de observación sistemática e de comunicación.

O mundo dos sentidos, especialmente no campo da experiencia visual e táctil,

é a súa fonte e espazo natural de traballo. De aí que os conceptos e as actividades que lle son propios teñen sempre un tratamento didáctico de contidos procedementais.

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN**

### **2.1. PROFESORES QUE IMPARTEN AS MATERIAS DA ÁREA E REPARTO DOS GRUPOS.**

Neste curso académico o Departamento de Educación plástica e visual conta con dous profesores:

Angel López Pallares, profesor do Departamento.

Juan de la Colina Béjar, profesor titular do Departamento e Xefe do Departamento.

O reparto dos grupos realízase da seguinte maneira:

Angel López Pallares impartirá este curso Educación Plástica e Visual nos grupos de 1º curso de ESO, nos grupos de 3º ESO e Debuxo Técnico no 2º curso de bacharelato.

Juan de la Colina Béjar impartirá este curso Debuxo Técnico no do 1º curso de bacharelato e Debuxo Artístico en 1º e 2º de bacharelato e Volume en 1 de bacharelato.

## 2.2. CARACTERÍSTICAS DOS GRUPOS E DO CENTRO TRABALLO

Características Xerais do Centro:

a) Contexto social.

O IES de Curtis é un centro situado no Concello de Curtis.

As principais actividades económicas que dinamizan o pobo son, sobre todo, a actividade agrícola e gandeira , os empregos no sector servizos, na construción e tamen, de maneira puntual, a actividade industrial. de crecemento da poboación do municipio.

- *Descrición xeral do entorno:*

O entorno é rural.

- *Descrición xeral do alumnado:*

Clase media, medio – baixa e baixa . En xeral, a actitude dos alumnos é boa, con baixa conflictividade nas aulas e niveis de socialización aceptable.

*Descrición do nivel xeral de interés pola materia amosado polo alumnado:*

En xeral non moi elevado. Tendencia a percibir a asignatura como algo secundario dentro do currículo, cunha elevada compoñente lúdica. Non obstante, non hai rexeitamento, e o grao de participación nas actividades é satisfactorio.

b) Contexto organizativo

O IES imparte ensinanzas de ESO e Bacharelato, nas modalidades de

Tecnolóxico e Científico e de Humanidades e Ciencias Sociais e ciclos formativos .

O número de alumnos ronda os 250.

- *Infraestructuras e instalacións:*

O centro conta con unha aula e un taller de debuxo que tamén son departamento, con pileta e desagüe, cabaletes, mesas de debuxo abatibles e taburetes.

O Departamento conta tamén con dous ordenadores, unha televisión, un video reprodutor con dvd e con dous proxectores dixitais, pantallas e un bolígrafo dixital.

É necesario subliñar a falta de espacio, o que implica non poder dotar a aula de todo o material necesario para impartir mellor a asignatura (cabaletes, tórculo, forno, tornos, modelos de escaiola, laboratorio fotográfico, etc.).

Normalmente as AULAS dispostas para o Departamento de Debuxo son:

- Aula - taller. Equipaba para desenvolver a materia de debuxo artistico e volumen de 4º de ESO, 1º e 2º bach.
- Aula de Debuxo. Onde se desenvolven normalmente as materias de Eucación Plástica e Visual 1ª e 3º e Debuxo Técnico en bachillerato.

## 2.3. PANORAMA LEXISLATIVO

O MARCO LEGAL no que se encadra esta programación é o seguinte:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

### **3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

**Saídas:** destinadas ós alumnos tanto da ESO como do Bacharelato. A realización de estas actividades dependerá da programación dos propios centros para este curso e do interese das mesmas. Procurarase realizar as actividades de xeito que se faga máis de unha visita en cada saída.

Visitas a centros culturais

Visitas a facultades ou centros educativos

Saídas ao exterior

Talleres-conferencias

Exposicións

Concursos

Revista

Blog, Páxina Web

Proxectos de Centro

## 4. PLAN LECTOR

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas. O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, apartir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles. A formación da lectura comprensiva exige, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos ;en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

# **EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL.**

## **INTRODUCCIÓN.**

“A Educación Plástica e Visual nace da necesidade de potenciar no alumno a capacidade de comprender os estímulos visuais que recibe e expresarse, á vez, a través das súas propias mensaxes visuais.”

Na sociedade actual a cultura da imaxe, tan próxima ao alumno e cunha amplía diversidade e complexidade visual, representa un poderoso centro de interese que a educación debe empregar no seu proveito. Así, a área céntrase no mundo cotián de imaxes e feitos plásticos no que viven os alumnos e no que están os obxectos de arquitectura, deseño gráfico, industrial e múltiples imaxes visuais transmitidas polos diferentes medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, foto, infografía... Na aula ábrese un campo de acción, incluíndo calquera forma de comunicación visual, o que leva a traballar non só con medios tradicionais se non tamén con novas tecnoloxías.

O alumno debe coñecer a linguaxe gráfico- plástica coa fin de observar, analizar e reflexionar críticamente sobre a realidade que o rodea, sendo consciente de que a imaxe non é a propia realidade se non un medio que en ocasións contribúe a ampliar a información e noutras ofrece unha información sesgada. No primeiro caso é importante recalcar as posibles conexións con outras áreas, tendo en conta que o uso de información gráfica é habitual.

Tampouco debemos esquecer a relación existente entre esta área e o mundo da arte; propiciando no alumno a capacidade de contemplar e entender o noso legado artístico e a habilidade para expresar ideas e sentimentos, empregando os recursos e técnicas postos á súa disposición.

## **OBXECTIVOS XERAIS.**

### **Da percepción de imaxes: “saber ver”**

1. Percibir e interpretar críticamente as imaxes e as formas do entorno, sendo sensibles as cualidades plásticas, estéticas e funcionais.
2. Apreciar e recoñecer os diversos medios de comunicación visual e os elementos que os caracterizan.
3. Percibir e clasificar as cualidades estéticas e funcionais das imaxes e formas do entorno próximo.
4. Comprender e establecer as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes.
5. Apreciar o feito artístico como fonte de goce estético e como parte integrante dun patrimonio cultural, contribuíndo activamente ó seu respecto, conservación e mellora.
6. Respetar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica diferentes do propio e de modos dominantes no entorno, superando estereotipos e convencionalismos.
7. Coñecer, respetar, valorar e disfrutar estéticamente das obras creadas polos artistas contemporáneos.

### **Da produción de imaxes: “saber facer”**

1. Recoñecer a necesidade de investigar con diversas técnicas gráfico-plásticas e visuais para aumentar os recursos expresivos.
2. Coñecer as características específicas de cada un dos materiais plásticos para manexalos con soltura.
3. Expresarse con actitude creativa empregando códigos e procedementos da linguaxe visual e plástica a fin de enriquecer as posibilidades de comunicación.
4. Valorar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión de vivencias, sentimentos e ideas.
5. Planificar as fases do proceso de realización dunha obra en función dos objetivos a conseguir.
6. Relacionarse con outras persoas para participar en actividades de grupo con solidariedade e flexibilidade.
7. Elaborar xuízos e criterios persoais, a partir da elaboración plástica.



## ÍNDICE

1. UNIDADES DIDÁCTICAS. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.
2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
3. MATERIAIS QUE O ALUMNO PRECISARÁ AO LONGO DO CURSO.
4. METODOLOXÍA.
5. AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN.
6. PLAN DE TRABALLO PARA OS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE.
7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### 1. UNIDADES DIDÁCTICAS. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

As unidades didácticas desta materia estrutúrase en tres grandes bloques:

Bloque I "Expresión plástica"

O Bloque II "Comunicación audiovisual"

E o Bloque III "Debuxo técnico" .

#### **Bloque I. Expresión Plástica.**

##### **Elementos da linguaxe plástica**

##### **· Obxectivos didácticos específicos:**

- Representar imaxes tanto reais coma imaxinadas utilizando a linguaxe visual.
- Identificar e valorar a importancia dos elementos configuradores para a análise e a produción de imaxes.

- Experimentar co valor expresivo da liña e o punto de forma libre e espontánea, explorando distintas posibilidades.
- Experimentar con diferentes técnicas e recursos valorando as posibilidades expresivas dos elementos configuradores da imaxe para expresar sensacións e emocións.
  - Apreciar a variedade de texturas e as súas posibilidades expresivas.
  - Diferenciar entre contorno, silueta e forma, observando distintos tipos de formas.
  - Descubrir a importancia da imaxinación e da creatividade para a actividade artística.
- Experimentar con diferentes técnicas e recursos valorando as posibilidades expresivas dos elementos configuradores da imaxe para expresar sensacións e emocións.
  - Entender a imaxe como representación máis ou menos obxectiva da realidade, distinguindo entre o figurativo e o abstracto.
  - Coñecer os fundamentos básicos da teoría da cor.
- Experimentar con cores primarias e secundarias empregando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.
  - Reflexionar e experimentar sobre os significados simbólicos e a potencia emocional da cor.
  - Recoñecer o espazo como obxecto e concepto, que se pode crear e percorrer.
- Coñecer e aplicar distintos métodos de representación do espazo e do territorio, tanto obxectivos coma subxectivos.
- Valorar a paisaxe como xénero artístico e como interpretación cultural do arredor, así como ser capaz de crealo.
  - Recoñecer e analizar diferentes tipos de construcións espaciais.
- Valorar a importancia da luz, non só como creadora de formas ao incidir nos obxectos senón, tamén, para a percepción do tempo e do espazo e como transmisora de emocións.
  - Recoñecer e aplicar as distintas variacións da luz segundo a súa intensidade, a súa cor, o ángulo de incidencia ou a fonte que a orixina.
  - Recoñecer os distintos usos da luz e o volume na historia da arte, a súa simboloxía e expresividade.
  - Coñecer e aplicar tipos de sombras nos obxectos e as xeradas por eles.
  - Coñecer e aplicar a técnica do claroscuro como creadora de volumes mediante as diferenzas tonais.

## **Bloque II. Comunicación Audiovisual.**

## **Percepción visual.**

### **· Obxectivos didácticos específicos:**

- Coñecer os elementos da percepción visual e os factores que a condicionan.
- Reflexionar sobre os patróns de percepción e as leis da teoría da Gestalt.
- Entender a imaxe como representación da realidade (e da ficción) e as ilusións da percepción.
- Coñecer os elementos da comunicación visual e os factores que a condicionan.
- Descubrir as diferentes funcións das imaxes e as súas posibilidades de manipulación.
- Entender a diferenza entre representación e interpretación (creatividade e imaxinación), diferenciando entre significado e significante, connotación e grao de iconicidade.

## **A linguaxe plástica.**

### **· Obxectivos didácticos específicos:**

- Crear aproveitando a capacidade expresiva dos elementos que conforman a imaxe.
- Experimentar as posibilidades expresivas do trazo e do xesto.
- Entender a imaxe como representación máis ou menos obxectiva da realidade, distinguindo entre o figurativo e o abstracto.
- Descubrir a importancia da imaxinación e da creatividade para a actividade artística.
- Desenvolver a capacidade de análise de composicións, distinguindo recursos expresivos baseados na orde e na desorde.
- Detectar e aplicar esquemas compositivos baseados tanto no equilibrio coma no desequilibrio, no ritmo ou na tensión, e recoñecer a súa intención comunicativa.

## **A comunicación visual.**

### **· Obxectivos didácticos específicos:**

- Valorar a capacidade comunicativa da composición e coñecer os fundamentos da sintaxe visual.
- Diferenciar os conceptos de formato, orientación e encadramento, valorando os seus usos expresivos.
- Desenvolver a capacidade de análise de composicións, distinguindo recursos expresivos baseados na orde e na desorde.
- Identificar e aplicar leis de equilibrio e tensión, recoñecendo pesos visuais nas imaxes, así como regras compositivas, como a dos terzos.
- Detectar e aplicar esquemas compositivos baseados tanto no equilibrio coma no desequilibrio, no ritmo ou na tensión, e recoñecer a súa intención comunicativa.
- Comprender a importancia dos medios publicitarios e a súa repercusión tanto en hábitos cotiáns coma no sistema económico.
- Coñecer o concepto de publicidade e a eficacia da mensaxe publicitaria, así como ser capaz de crealas cun fin.
- Valorar e identificar a relación entre publicidade e arte.
- Coñecer algúns fitos da historia do cartel e valorar a súa evolución e influencia.

## **A narración visual.**

### **· Obxectivos didácticos específicos:**

- Valorar a narración visual como recurso para compartir experiencias e ideas.
- Coñecer o concepto de ilustración e valorar a súa capacidade narrativa.
- Diferenciar distintos tipos de narrativas gráficas.
- Coñecer e utilizar expresivamente os diferentes elementos dunha historieta.
- Coñecer os fundamentos dos debuxos animados, a súa técnica e capacidade narrativa.
- Valorar a capacidade do cine de contar historias dun modo vivencial e único.
- Recoñecer momentos significativos da historia do cine e a súa evolución ata a actualidade.
- Recoñecer diferentes formatos de narracións audiovisuais e as súas particularidades comunicativas.

- Identificar diferentes xéneros no cine e recoñecer as súas características principais.
- Detectar efectos especiais, recoñecer a súa eficacia comunicativa e realízalos de xeito sinxelo.
- Coñecer os distintos tipos de planos e de movementos de cámara e utilízalos cun fin.

### **Bloque III. Debuxo Técnico.**

#### **As formas xeométricas.**

- **Obxectivos didácticos específicos:**
- Recoñecer a xeometría en estruturas e redes da natureza e da arte.
- Utilizar instrumentos de debuxo técnico e recoñecer a necesidade da normalización.
- Coñecer elementos e entender conceptos básicos da xeometría plana.
- Recoñecer e construír figuras xeométricas planas.
- Coñecer movementos das formas no plano: translación, rotación, simetría.
- Recoñecer nos símbolos culturais patróns xeométricos.
- Crear composicións con formas xeométricas planas.-Deseñar e construír obxectos.
- Identificar corpos xeométricos e coñecer o desenvolvemento de sólidos.
- Representar figuras de xeito obxectivo coñecendo sistemas de representación e normalización.
- Comprender as diferenzas entre distintos sistemas de representación.
- Coñecer o sistema diédrico e a representación de vistas dunha peza.
- Coñecer o sistema axonométrico e a peculiaridade da perspectiva cabaleira.

## **O Debuxo Técnico.**

- **Obxectivos didácticos específicos:**
  - Utilizar instrumentos de debuxo técnico e recoñecer a necesidade da normalización.
  - Coñecer elementos e entender conceptos básicos da xeometría plana.
  - Recoñecer e construír figuras xeométricas planas.
  - Coñecer movementos das formas no plano: translación, rotación, simetría.
  - Trazar enlaces e tanxencias.
  - Crear composicións con formas xeométricas planas.

## Bloque de materias específicas

### Educación Plástica, Visual e Audiovisual

#### Introdución

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade. A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística". Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos. Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe. No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños. No cuarto curso, considerando a madurez do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Expresión plástica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.</li> <li>▪ B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.</li> <li>▪ B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.</li> <li>▪ B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.</li> </ul>	- CA A
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.</li> </ul>	▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeométricamente ou máis libres e espontáneas.</li> </ul>	▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).</li> </ul>	▪ CCL



Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Composición: elementos.</li> <li>▪ B1.8. O ritmo na composición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva.</li> <li>▪ B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma con-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ n			tinua en superficies homoxéneas ou degradadas.	
			▪ EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	▪ CCEC
			▪ EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes mátericas e figuras tridimensionais.	▪ CAA
			▪ EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	▪ CSC
			▪ EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	▪ CSC
			▪ EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	▪ CSC
Bloque 2. Comunicación audiovisual				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f	▪ B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	▪ B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.	▪ EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	▪ CCL
			▪ EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	▪ CCL
			▪ EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	▪ CD
▪ a	▪ B2.2. Comunicación	▪ B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes	▪ EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.	▪ CCL

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> <li>▪ o</li> </ul>	<p>visual. Símbolos e iconas.</p>	<p>segundo a súa relación significativa-significado: símbolos e iconas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 3. Debuxo técnico</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas en-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	tre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas.</li> <li>▪ B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.</li> <li>▪ EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.14. Construción de triángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicalas con propiedade á construción destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.18. Construción de cuadriláteros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

## **1. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.**

Cada un dos bloques temáticos desenrolarase ó longo de cada un dos trimestres do curso.

No primeiro trimestre traballarase nas unidades correspondentes ó Bloque I "Expresión plástica":

- 1 "Elementos da linguaxe plástica"
- 2 "A forma"
- 3 "A cor" e
- 4 "O volume".

O Bloque II "Comunicación audiovisual" no segundo trimestre:

- 5 "Percepción visual"
- 6 "A linguaxe plástica"
- 7 "A comunicación visual" e
- 8 "A narración visual".

E o Bloque III "Debuxo técnico" desenrolarase no terceiro trimestre:

- 9 "As formas xeométricas" e 10 "O debuxo técnico".

## **1. MATERIAIS QUE O ALUMNO PRECISARÁ Ó LONGO DO CURSO.**

Caderno de debuxo dunhas 20 láminas en branco tamaño DIN A4, Lapis de grafito 2B e 2H, lapis de cores, rotulador negro de punta fina e ancha, rotuladores de cores, block de cartolinas de cores, cola, tesoiras, ceras brandas, tinta chinesa negra, pinceis de dous grosos, ferramentas de debuxo técnico (escuadro e cartabón, compás e regra de medir).

## **2. METODOLOXÍA.**

Nunha primeira fase, o/a profesor/a presenta a actividade que se vai desenvolver. Expón os contidos conceptuais, utilizando na medida do posible diferentes recursos didácticos, e intentando aproximar ditos conceptos á realidade do alumnado. Posteriormente explica o proceso que se vai a seguir, obxectivos que se pretenden acadar e os criterios de avaliación que se van a empregar á hora da avaliación e calificación.

O alumnado aporta o material preciso para comenzar a actividade, xa que foi avisado con anterioridade do que iba a precisar en esa sesión.

Desenvólvese a mesma, de xeito individual, ou en ocasións en pequenos grupos. O/a profesor/a orienta e apoia os/as alumnos/as que o precisen.

Finalizada a mesma, procederase a entrega e posterior corrección do exercicio.

Unha vez finalizada, coméntase co alumnado o resultado, para ver o que saíu ben e o que é susceptible de mellorarse.

### **3. AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN.**

6.1. AVALIACIÓN DE ALUMNADO. A avaliación e calificación do alumnado realizaráse entorno a tres bloques:

1. **ACTITUDE:** no que se terá en conta basicamente a ACTITUDE DE TRABALLO QUE PRESENTA O ALUMNADO, A ASISTENCIA A CLASE, A ENTRADA PUNTUAL NA AULA, SE O ALUMNO TRAE O MATERIAL E O COIDADADO QUE FAI DEL. O instrumento para avaliar este bloque será o da observación diaria por parte do profesor e o rexistro no seu caderno das incidencias que poidera haber. A valoración deste apartado suporá un trinta por cen da nota final dos trimestres e da avaliación ordinaria final.

2. **AS LÁMINAS** e outros exercicios con carácter práctico e/ou de investigación, que serán realizados nunha ou varias sesións dependendo da natureza dos mesmos. As calificacións obtidas neste bloque suporán o cincuenta por cen da nota final.

3. **OS TESTS:** con carácter práctico e teórico, suporán un vinte por cen da nota final. No caso de que nun trimestre no se utilice este instrumento de avaliación a porcentaxe será incluída no bloque de láminas e outros exercicios prácticos.

Enténdese que a materia para este curso está superada se o alumno obtén una calificación de 5 ou máis.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA. Na avaliación extraordinaria o alumno deberá realizar aquelas láminas ou unidades que no foron feitas de maneira axeitada durante a avaliación ordinaria. Tamén deberá facer un test similar ós feitos ó longo do curso no que poderase avaliar calquera dos contidos dados ó longo do curso.

### **6. PLAN DE TRABALLO PARA OS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE.**

Os/as alumnos/as que teñan a asignatura pendente deberán presentarse a un **exame** con carácter práctico-teórico de recuperación na primeira semana do mes de maio.

O mesmo día deberán entregar unha serie de **láminas de exercicios** que se lles dará ao longo do primeiro trimestre. Antes desta data haberá outra na que poderán entregar parte das láminas feitas.



## **7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Para os alumnos que presenten dificultades á hora de alcanzalos obxectivos marcados no curso según os criterios de avaliación establecidos poderáselles aplicar unha serie de medidas para reforzar e axudar a conquerilos:

TESTS DE RECUPERACIÓN. Os alumnos que nos tests non conqueriron a calificación de 5, e depois de revisiar e comentar os erros que tiveron, terán a posibilidades de repetilo test.

REVISIÓN INDIVIDUALIZADA DAS LÁMINAS. En cada lámina indícaráanse os erros cometidos para evitar que aparezan nas seguintes, e se fose necesario o alumno deberá repetila.

ACTIVIDADES DE REFORZO. Consisten nunha serie de láminas deseñadas para traballar dunha maneira máis estruturada e disgregada os contidos propios das unidades nas que están incluídas. Utilizaranse sobre todo dentro das adaptacións no significativas.

ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN. Son actividades de dificultade maior que serán aplicadas a aqueles alumnos que así o precisen.

ADAPTACIÓN NON SIGNIFICATIVA. Esta adaptación será aplicada só ós alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe importantes, sen que supoña un cambio sustancial no deseño da programación. Esta adaptación será aplicada previa consulta co resto do equipo educativo do alumno, e se o alumno presenta unha actitude cara a asignatura positiva e de esforzo. A adaptación consistirá basicamente en traballar, sobretudo a base de repetir, as actividades máis básicas de cada unidade ou de utilizar as actividades de reforzo descritas arriba, co fin de conquerir a calificación de 5. É esencialmente unha cuestión de tempo e dun ritmo máis lento con respecto ao ritmo normal da clase, centrándonos só nas láminas máis básicas de cada unidade. Os tests poderán ter un deseño axeitado a adaptación feita e ó ritmo levado polo alumno ó que se lle aplica esta adaptación.

### **ÍNDICE**

- 1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS.**
- 2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE.**
- 3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.**
- 4. CONCRECIÓN METODOLÓXICA.**
- 5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO.**
- 7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**
- 8. MEDIDAS ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

#### **1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS.**

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística".

Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

**O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos.**

**Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.**

**No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.**

**No cuarto curso, considerando a madureza do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.**

1. Desenvolver a capacidade de observación como medio para comprender as estruturas formais que nos rodean, recoñecendo as distintas manifestacións da linguaxe visual nas imaxes.
2. Comprender que a arte é unha forma de linguaxe e como tal engloba unha comunicación que é preciso percibir e transmitir. Apreciar o feito artístico como fonte de goce estético e como parte integrante do patrimonio cultural, contribuíndo ao respecto e conservación das obras artísticas.

3. Expresarse con actitude creativa, valorando as señas individuais e a orixinalidade, empregando a terminoloxía e procedementos da linguaxe visual e plástica; valorando a súa importancia como medio de expresión e comunicación de vivencias, sentimentos e ideas.
4. Inculcar unha metodoloxía de traballo correcta e lóxica á hora de planificar a realización dunha obra.
5. Apreciar as posibilidades expresivas que ofrece a investigación con diversas técnicas plásticas e visuais, valorando o esforzo de superación e desenrolando a curiosidade e o espírito analítico.
6. Identificar e construír polígonos regulares a partir do lado de maneira precisa.
7. Entender os diferentes grados de iconicidade da imaxe, as estruturas básicas e xeométricas que as definen como tales.
8. Recoñecer a presenza de estruturas modulares no entorno, entender as súa composición básica, e como se poden crear estruturas básicas a partir das transformacións dos módulos que as componen.
9. Coñecer os conceptos fundamentais no debuxo técnico e o rigor nos traballos de normalización. Representar figuras xeométricas simples en perspectiva isométrica e cabaleira.
10. Apreciar os valores plásticos da luz nas imaxes e relacionalos coa cor e o volumen a través do claroscuro.
11. Saber analizar diferentes aspectos da imaxe para descubrir os significados e función da mesma. Utilizar diferentes recursos visuais para obter imaxes cunha función publicitaria, valorando así as posibilidades expresivas da imaxe, entendéndoa como un medio de comunicación.
12. Descubrir os fundamentos da imaxe en movemento e as súas posibilidades expresivas.

**2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE E ELEMENTOS TRANSVERSÁIS.**

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Expresión plástica			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.</li> <li>▪ EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- a</li> <li>- c</li> <li>- d</li> <li>- f</li> <li>- n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.</li> <li>▪ B1.4. O bosquejo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento.</li> <li>▪ B1.6. Temperatura da cor.</li> <li>▪ B1.7. Simbolismo da cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.</li> <li>▪ EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.</li> <li>▪ EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</li> <li>▪ EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</li> <li>▪ EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</li> <li>▪ EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</li> <li>▪ EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</li> <li>▪ EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</li> <li>▪ EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>
<b>Bloque 2. Comunicación audiovisual</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Percepción visual. Proceso perceptivo.</li> <li>▪ B2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Ilusións ópticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
▪ n	▪ B2.4. Leis ou principios da Gestalt.	estas leis na elaboración de obras propias.	▪ EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.
▪ e ▪ g ▪ o	▪ B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.	▪ B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.	▪ EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.
▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h	▪ B2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.	▪ B2.4. Identificar significante e significado nun signo visual.	▪ EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual.
▪ a ▪ c ▪ f ▪ h ▪ ñ	▪ B2.7. Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. ▪ B2.8. Denotación e connotación.	▪ B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	▪ EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos. ▪ EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.
▪ e ▪ l ▪ n ▪ ñ ▪ o	▪ B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.	▪ B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	▪ EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía. ▪ EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.	▪ B2.7. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	▪ EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.



Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Cine. O cine como medio de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.</li> </ul>
Bloque 3. Debuxo técnico			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer lugares xeométricos e defini-los.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.</li> <li>▪ EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular.</li> <li>▪ B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sis-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ o</li> </ul>	<p>temas perspectivados. Vistas diédricas dun sólido.</p>	<p>obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.</li> </ul>

### 3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. TEMPORALIZACIÓN.

<b>Bloque 1</b>
<b>1ª AVALIACIÓN</b>
<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
láminas
exame
Observación/caderno de aula

<b>Bloque 2</b>
<b>2ª AVALIACIÓN</b>
<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
láminas
exame
Observación/caderno de aula

<b>Bloque3</b>
<b>3ª AVALIACIÓN</b>
<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
Láminas
exame
Observación/caderno de aula

### 4. MOMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO.

4.1. AVALIACIÓN CONTINUA A avaliación continua do alumnado realizarase entorno a tres bloques:

1. A ACTITUDE: no que se terá en conta basicamente a **actitude de traballo** que presenta o alumnado, a **asistencia e puntualidade** e o referido no **estandar EPVAB1.5.7**. O instrumento para avaliar este bloque será o da observación diaria por parte do profesor e o rexistro no seu caderno das incidencias que puideran haber. A valoración deste apartado suporá un **20%** da nota final dos trimestres e da avaliación ordinaria final.

2. AS LÁMINAS e outros exercicios con carácter práctico e/ou de investigación, que serán realizados nunha ou varias sesións dependendo da natureza dos mesmos. As calificacións obtidas neste bloque suporán o **60%** da nota final.

3. OS TESTS: con carácter práctico e teórico, suporán un **20%** da nota final.

No caso de que nalgún trimestre no se utilice este instrumento de avaliación, a porcentaxe será incluída no bloque de láminas e outros exercicios prácticos, quedando deste xeito: **20% ACTITUDE** e **80% LÁMINAS**.

### 3.1. AVALIACIÓN ORDINARIA.

A cualificación final obtense a través da **media das tres avaliacións**.

Enténdese que a materia para este curso está superada se o alumno obtén una cualificación de 5 ou máis.

O **redondeo** será do seguinte xeito: redondearase por arriba no caso de que o decimal sexa X'60 ou superior. Se é X'59 tomarase a cifra enteira desa nota.

As porcentaxes para todas as avaliacións poden variar tanto colectivamente como individualmente como medida de atención a diversidade. Deste cambios serán informados os alumnos.

3.2. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA. Na avaliación extraordinaria o alumno deberá realizar aquelas **láminas** ou unidades que non foron entregadas ou que non foron feitas de maneira axeitada durante a avaliación ordinaria. Tamén deberase facer un **test** similar ós feitos ó longo do curso no que poderase avaliar calquera dos contidos dados ao longo do mesmo.

A nota desta avaliación extraordinaria será a conquerida no test. Por cada lámina non entregada ou que non alcanza o nivel mínimo suporá un a redución da nota do test de ata un máximo de **2 puntos**.

3.3. AVALIACIÓN DE ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE.

Os alumnos con esta materia pendente deberán seguir o seguinte programa para recuperar a materia:

1º. Entregar unha serie de **láminas** relacionadas cos contidos do curso. 2º facer unha **proba escrita** con carácter **teórico-práctico**.

Haberá dúas datas de entrega. A última data coincidirá coa proba escrita.

A nota final será a conquerida no test. Por cada lámina non entregada ou que non alcanza o nivel mínimo esixido suporá **0,2 puntos menos da nota do test**.

#### 4. CONCRECIÓN METODOLÓXICA.

As diferentes unidades didácticas, ademais de abordar os contidos arriba indicados, están estruturadas e secuenciadas dende o estudio das formas máis básicas ata chegar nas últimas unidades a traballar con imaxes máis complexas.

Por outro lado as actividades en cada unidade didáctica están secuenciadas por grado de dificultade ascendente, establecéndose un mínimo de láminas en cada unidade didáctica que o alumno ten que facer de maneira axeitada para conquerir o 5.

Á hora de presentar as actividades nun primeiro momento se exporán os contidos, apoiándose na medida do posible en diferentes recursos didácticos (**proxección de vídeos, presentacións en Power Point, emprego de diferentes recursos na rede...**), intentando aproximar ditos conceptos á realidade do alumnado. Posteriormente se explicará o proceso que se vai a seguir, obxectivos que se pretenden acadar e os criterios de avaliación que se van a empregar á hora da avaliación e calificación das diferentes actividades.

O alumnado aporta o material preciso para comenza a actividade, xa que foi avisado con anterioridade do que ía a precisar en esa sesión. Desenvólvese a mesma, de xeito individual, ou en ocasións en pequenos grupos. O/a profesor/a orienta e apoia os/as alumnos/as que o precisen. Finalizada a mesma, procederase a corrección do exercicio coméntando ao alumnado o resultado, para ver o que saíu ben e o que é susceptible de mellorarse.

## **5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

5.1. ESPAZOS: as clases se impartirán principalmente na aula de debuxo equipada con diferentes recursos como ordenador, proxector de vídeo, material de debuxo diverso, estatuas de escaiola, etc...

5.2. MATERIAL. As láminas nas que traballarán os alumnos son de confección do Departamento. O alumno deberá mercalas. Ademais se necesitarán os seguintes materiais:

MATERIAL COMÚN A TODAS AS UNIDADES: lapis HB ou portaminas, goma, afía lapis, ceras duras e rotuladores de cores, un rotulador de punta fina negro, unha regra graduada de 20 cm, tixeiras e pegamento de barra.

### U.D1. Xeometría. Polígonos e curvas.

Compás, escuadro, cartabón, regra graduada, portaminas U.D2. Xeometría. Composicións modulares.

Compás, escuadro, cartabón, regra graduada, portaminas. U.D 3. A cor.

Témperas de cores (vermello, azul, amarelo negro e branco), 2 pinceis un fino e outro grosso, trapo, prato e vaso de plástico, papel de calco,

U.D. 4. O volume. Perspectiva. U.D. 5. O volume. Claroscuro.

Lapis brando (5b), papeis sen cor, papel de calco. U.D 6. A imaxe e publicidade.

U.D.7. A imaxe en movemento. Fundamentos.

## **6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Para os alumnos que presenten dificultades á hora de alcanzar os obxectivos marcados no curso según os criterios de avaliación establecidos e que teñan unha actitude de traballo e esforzo cara a materia., poderáselles a aplicar unha serie de medidas para reforzar e axudar a conquerilos: \_

TESTS DE RECUPERACIÓN. Os alumnos que nos tests non conqueriron a calificación de 5, e despois de revisar e comentar os erros que tiveron, terán a posibilidades de repetilo test.

REVISIÓN INDIVIDUALIZADA DAS LÁMINAS. En cada lámina indicaranse os erros cometidos para evitar que aparezan nas seguintes, e se fose necesario o alumno poderá repetila.

MODIFICACIÓN DE RITMO DE TRABALLO. Esta medida consistirá basicamente en traballar, sobretudo a base de repetir, as actividades máis básicas de cada unidade ou de utilizar as actividades de reforzo descritas no apartado *4.Concreción metodolóxica*, co fin de conquerir a calificación de 5. É esencialmente unha cuestión de tempo e dun ritmo máis lento con respecto ao ritmo normal da clase, centrándonos só nas láminas máis básicas de cada unidade.Os tests poderán ter un deseño axeitado a adaptación feita e ó ritmo levado polo alumno ó que se lle aplica esta adaptación.

Se ademais fose necesario se empregarían os seguintes tipos de actividades: ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN. Son actividades de dificultade maior que serán aplicadas a aqueles alumnos que así o precisen.

ACTIVIDADES DE REFORZO. Consisten nunha serie de láminas deseñadas para traballar dunha maneira mais estruturada e disgregada os contidos propios das unidades nas que están incluídas. Utilizaranse sobre todo dentro das adaptacións significativas.

## **4º E.S.O.**

---

### **1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

#### 1.1. Introducción.

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística".

Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En cuarto da ESO, que se implantará no curso 2016- 17, os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras



persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos.

Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

No cuarto curso, considerando a madurez do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

## **2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de avaliación e competencias clave: concreción, temporización e grao mínimo de consecución para superar a materia.**

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Expresión plástica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Leis da composición.</li> <li>▪ B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.</li> <li>▪ B1.4. Cor como ferramenta simbólica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.</li> </ul>	- CC EC
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.</li> </ul>	▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.</li> </ul>	▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.</li> <li>▪ B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información na creación propias.</li> <li>▪ B1.7. Iniciativa,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).</li> <li>▪ B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.</li> <li>▪ B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>Bloque 2. Debuxo técnico</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.</li> <li>▪ B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ros, polígonos regulares e división da circunferencia.</li> <li>▪ B2.3. Tanxencias e enlaces.</li> <li>▪ B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.</li> <li>▪ B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.</li> <li>▪ B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</li> <li>▪ B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Perspectiva cónica central.</li> <li>▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua.</li> <li>▪ B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 3. Fundamentos do deseño				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).</li> <li>▪ B3. 2. Fases do proceso de deseño.</li> <li>▪ B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.</li> <li>▪ B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.</li> <li>▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Campos de aplicación do deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.</li> <li>▪ B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.</li> <li>▪ B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.</li> <li>▪ B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.</li> <li>▪ B3.10. Planificación dun proxecto artístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.</li> <li>▪ B4.2. Realización dun storyboard.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.</li> <li>▪ B4.4. Criterios estéticos na elaboración</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de fotografías. ▪ B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.		▪ EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	▪ CCEC
▪ a ▪ e ▪ f ▪ g	▪ B4.6. Creación dixital de imaxes. ▪ B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. ▪ B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.	▪ B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.	▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. ▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. ▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ n ▪ o	▪ B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.	▪ B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC

En relación aos estándares de aprendizaxe establécense os seguintes graos de concreción e as súas abreviaturas:

- Excelente (X): o alumnado comprendeu e executou de forma global, clara e con detalle os termos do estándar de aprendizaxe sen ningún tipo de erros nin omisións.
- Bo (B): o alumnado comprendeu e executou de forma global e clara os termos do estándar de aprendizaxe incurrindo en algún tipo de erro ou omisión non substancial.
- Elemental (E): o alumnado comprendeu e executou de forma básica o estándar de aprendizaxe incurrindo en algún tipo de erro ou omisión.
- Insuficiente (I): o alumnado non comprendeu nin executou o estándar de aprendizaxe presentando moitos erros significativos ou omisións substanciais.

Para superar a materia o alumnado ten que acadar un grao elemental como mínimo no 90% dos estándares de aprendizaxe.

En relación á temporización da programación e dada a novidade de contidos, aparición de novos elementos como son os estándares de avaliación, que implican a maiores un profundo cambio metodolóxico do que descoñecemos o seu alcance, para este curso propoñemos distribuir os bloques de contidos según os trimestres para así poder ter un primeiro coñecemento da súa magnitude e problemática e programar en cursos posteriores con coñecementos froito da práctica educativa. Somos conscientes do interesante de relacionar os diferentes contidos entre bloques e incluso entre materias a través das Unidades Didácticas Integradas e da aprendizaxe por Proxectos, pero calquer enfoque en este sentido é irreal se non dominamos previamente cada un dos estándares de aprendizaxe previstos.

No seguinte cadro se relacionan os diferentes elementos (obxectivos de etapa, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias), se temporizan e se establece como grao elemental na consecución dos estándares de aprendizaxe como o mínimo necesario para superar a área. As abreviaturas ou letras tómanse das establecidas e recollidas no Decreto 86/2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



### **3 PROCEDIMENTOS, CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora e deberase ter en conta o grao de dominio das competencias correspondentes á educación secundaria obrigatoria a través de procedementos de avaliación e instrumentos de obtención de datos que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas.

Para favorecer a flexibilidade no proceso avaliador, consideramos oportuno non asignar a priori un procedemento e/ou instrumento a cada un dos estándares recollidos nesta programación. Parécenos máis operativo e adaptativo propor unha relación dos que empregaremos ao longo do curso, e cuxa elección irá sempre en función das características do alumnado e/ou do grupo.

#### **3.1. Procedementos de avaliación.**

Os procesos de valoración produciranse en sesións de avaliacións dos traballos. As correccións poderán ser individuais ou en gran grupo dependendo da natureza do traballo e do tipo de grupo. É importante este tipo de sesións pois nelas vólvese sobre os contidos obxecto dos traballos, fixándose definitivamente a aprendizaxe, e ao tempo, o proceso avaliativo é máis participativo e transparente.

Polo tanto pretendemos incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na súa avaliación, reflexionando sobre o seu punto de partida en canto aos logros e ás dificultades (autoevaluación) ou valorando a participación dos seus compañeiros nas actividades grupais (avaliación entre iguais). Estableceranse ademáis, as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

En caso de precisarse actividades de reforzo específicas, o tipo e cantidade destas será decidido polo profesor, aínda que sempre irán referidas aos contidos parciais nos que o alumnado amosou non alcanzar o grao mínimo necesario previsto.

#### **3.2. Criterios de avaliación.**

Os criterios de avaliación son os establecidos no cadro do punto 2 desta programación.

#### **3.3. Instrumentos de avaliación/ Criterios de cualificación.**

Os instrumentos de avaliación que empregaremos están organizados de forma xeral según os tres tipos de contidos ou saberes asociados a diferentes instrumentos de avaliación que relacionamos a continuación:

##### a) Saberes actitudinais.

Elementos avaliáveis:

- Valoración do traballo individual.
- Exames prácticos e teóricos
- Valoración do traballo en grupo.
- Actitude participativa na clase.
- Dipoñibilidade do material necesario no momento requerido.
- Actitude respetuosa do alumno/a cos seus compañeiros/as da aula durante as clases, así como co profesorado da materia, segundo se establece nas normas de convivencia do centro (NOF ou RRI)

Instrumentos de avaliación:

- observación do alumno.
- Exames teóricos e prácticos.
- Traballos

Criterios de cualificación:

Os porcentaxes na calificación seran dun 30 por cen e cada apartado.

- Traballo. Se o alumnado entrega en tempo e forma as diferentes actividades previstas, na avaliación acadará a puntuación máxima de 1 punto. A entrega tardía dun traballo sen causa xustificada restará un 0,5 puntos da nota. Se foran dous días de retraso ou máis na entrega, non sumarán o punto á súa nota de avaliación.
- Actitude e respecto ás normas de aula de convivencia. Se o alumnado ten unha actitude contraria ás normas de convivencia do centro e ás propias da aula acadará a puntuación máxima de 1 punto. Entendemos que non traer o material solicitado para realizar as tarefas asignadas é unha falta leve de actitude. De ser amonestados levemente unha vez por condutas contrarias ás normas ou non traer o material solicitado restará 0,5 puntos da nota. Se o alumno/a tivera unha segunda amonestación o a primeira fora de carácter grave non sumará punto algún á súa cualificación.

#### a) Saberes conceptuais

Elementos avaliáveis:

Establecerase o grao de consecución dos estándares de avaliación tendo en conta diferentes aspectos para determinalo.

- Comprensión dos requisitos solicitados.
- Enfoque da resolución.

- Determinación dos pormenores.
- Execución e claridade expositiva.
- Orixinalidade da resposta de ser o caso.

#### a) Saberes procedimentais.

##### Elementos avaliáveis

O proceso de avaliación e cualificación constará de tres fases nas que, de modo independente pero coordinado, o profesorado valorará os seguintes aspectos do traballo:

- *Comprensión do problema proposto:* tratarase de ver ata qué punto o alumnado comprende todos os aspectos da proposta enunciada polo profesorado.
- *Creatividade:* este é quizáis o aspecto máis complicado da avaliación, xa que nel o profesorado ten que procurar apreciar cómo o alumnado, en conflito co exposto no momento anterior, ofrece unha proposta orixinal sen comprometer a fidelidade ás directrices baixo as que debe desenvolverse a actividade.
- *Execución técnica:* avaliarase a destreza no uso das técnicas e instrumentos indicados en cada caso.

En calquera caso, na avaliación teranse en conta as circunstancias e capacidades de cada alumno/a en particular e todos aqueles aspectos relativos ao proceso de realización das actividades que poidan incidir no resultado.

##### **Instrumentos de avaliación.**

O alumnado realizará traballos de aula de diferente natureza dependendo dos contidos e do nivel educativo no que está. Neste sentido o traballo de clase será de tres tipos diferentes adaptándose así ao desenvolvemento cognitivo do alumnado:

- **Fichas:** son traballos individuais moi pautados que se desenvolverán entre unha e dúas sesións dentro da aula. Son aplicacións directas das breves explicacións do profesor e cos que se pretende a experimentación dos contidos tratados con anterioridade. Pretenden fixar a nova aprendizaxe así

como servir de material de estudo para a proba posterior. Poden realizarse en soporte papel ou virtual. Dada a axilidade do recurso están orientados ao alumnado máis cativo, isto é, o de 1º ESO.

- Traballo: individuais ou por parellas que se desenvolverán tanto na aula como na casa supervisados constantemente polo profesor e que ocuparán varias sesións. Requiren unha sesión previa de contidos na que se busca a participación do alumnado durante a mesma para finalizar coa exposición dos requisitos do traballo. Dados o tempos necesarios neste tipo de recursos será aplicable preferentemente en 3ºESO.
- Proxectos: son traballos máis complexos nos que se require maior grao de investigación e implicación por parte do alumnado. Por este motivo están indicados para o alumnado de 3º e 4ºESO. Poden desenvolverse de xeito individual, en parella, pequeno grupo, ou gran grupo. O proxecto segmentarase en diferentes estadios para que o alumnado vaia adquirindo as competencias necesarias para desenvolver o proxecto ata o final. Dentro do proxecto iranse desenvolvendo diferentes contidos dun xeito aberto. É a ferramenta de aula máis complexa pois trátanse de recursos abertos, participativos na súa determinación e iterativos no seu deseño. Isto é, a propia temática será escollida polo alumnado entre varias, incluso pode suxerirse a partir dos intereses do mesmo alumnado. Dentro do proxecto o profesorado en colaboración co alumnado irán desenvolvendo o proxecto tanto no seu deseño como na súa execución. Son ferramentas pedagóxicas complexas pois por un lado requiren a motivación e implicación de todo o grupo, e por outro lado o deseño vai definíndose a medida do transcurso do proxecto. Estes riscos na meirande parte dos casos compénsanse co sobresaínte grao de aprendizaxe do alumnado.

Para a avaliación das fichas, traballos ou proxectos, poderanse empregar o instrumentos que máis se axusten á proposta entre os que se relacionan a continuación:

- Listas de cotexo
- Guías de observación
- Rexistro anecdótico
- Rúbricas
- Diario
- Portafolio

### **Criterios de cualificación**

Como no caso das probas tipo exame, os traballos de aula virán referenciados aos estándares de aprendizaxe que se pretenden avaliar. Establecéndose o mesmo cadro de correspondencias entre graos de concreción e cualificación numérica.

A valoración destes contidos será dun mínimo do 40% da nota global total (4 puntos) e será imprescindible acadar a cualificación dun 3 en base 10 na media de tódolos traballos requeridos no trimestre avaliado.

Ao longo da avaliación, o alumnado poderá recuperar os exercicios cualificados negativamente ( porque non os realizou no seu día ou porque os realizou mal...etc) entregándoos antes de finalizar o período lectivo desa avaliación.

Sistema de cualificación das diferentes avaliacións..

A cualificación global da avaliación (a nota) será a suma das notas parciais correspondentes aos distintos contidos (sempre e cando a suma das notas medias obtidas nos contidos conceptuais e nos procedimentais sexa igual ou superior a un 4), según a baremación exposta para os mesmos. Na nota final, redondearase a nota con decimais ao valor enteiro da cualificación, excepto no caso de que a fracción decimal sexa de 0,5 ou máis, en que se adxudicará o valor enteiro seguinte. Polo tanto establécese o aprobado no 4,5.

### **3.1. Criterios de promoción.**

Cando un alumno non acade nota suficiente para aprobar un trimestre, deberá de repetir ou facer os diferentes traballos ou proba para alcanzar os estándares mínimos necesarios. A proba ou entrega das actividades poderá realizarse no seguinte trimestre ou a final do curso. En caso de resolvelas satisfactoriamente, a nota do trimestre suspenso seralle modificada en función dos novos resultados.

A aqueles/as alumnos/as que na nota trimestral acaden a calificación de 4,5 outorgaráselles a calificación de 5.

Considérase que un alumno aproba a asignatura cando a media aritmética das cualificacións sin redondeo dos tres trimestres é igual ou superior a 4,5.

O alumnado poderá ter a oportunidade de recuperar calquera das tres avaliacións nunha proba de suficiencia.

## **1) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.**

### **1.1. Directrices metodolóxicas**

Os aspectos metodolóxicos a seguir no proceso de ensino-aprendizaxe na E.S.O., seguirán os seguintes principios:

- *Metodoloxía activa.* Buscarase a implicación activa do alumnado como protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe, coa base de que o específico individual ten unha importancia decisiva na expresión plástica que engaden valor aos aspectos máis xerais compartidos polo grupo.
- *Experimental.* Tódolos conceptos, habilidades, ou teorías expostas serán comprobadas de forma empírica a través do traballo práctico. Neste sentido o procedimental será a proba definitiva do entendemento ou a comprobación da comprensión dos aspectos tratados teóricamente, entendendo que entre o procedimental e o conceptual hay unha unidade metodolóxica inseparable.

-*Participativa*. Se fomentará o intercambio de opinións e puntos de vista entre o alumnado coa finalidade da implicación responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.

-*Aberta*. Tratarase de vincular o traballo de aula co entorno vital do alumno (medios de comunicación, etc.), servindo aquel de instrumento de análise da súa propia realidade, e recíprocamente esta última como un material valioso no seu proceso de aprendizaxe, para o que se motivará ao alumno á procura de información por medios como internet ou prensa.

Neste ámbito incluírase a aportación do Departamento ao *Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación*. Ademais da utilización de ordenadores nos ámbitos da materia (edición

e tratamento dixital de imaxes fixas ou en movemento, programas de CAD, etc.) preténdese que o alumno empregue as tecnoloxías da información como medios de expresión do seu propio traballo, así como para a busca de información e xestión da mesma (comunicar o seu traballo a través de presentacións con soporte informático, busca en internet, escaneado de imaxes, etc).

- *Transversal*. Buscarase a conexión con outras materias afíns así como a introducción de aspectos que teñan que ver con problemáticas de importancia para o alumnado: convivencia, sexismo, multiculturalidade, etc..

Neste sentido considerarase trascendente a aportación do Departamento ao *Proxecto lector de centro* a través da biblioteca de aula.

A nosa metodoloxía seguirá un modelo de intervención educativa no que observaremos estas directrices:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de ahí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento.
2. Suliñar a necesidade de estimular o desenvolvemento das capacidades xerais e das competencias clave por medio do traballo paulatino e ordenado conforme ás capacidade do alumno.
3. Dar prioridade á comprensión dos contidos cos que se traballa fronte á súa mera aprendizaxe mecánica.
4. Procurar ofrecer oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos de modo que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido dende unha perspectiva de aprendizaxe significativa.
5. Fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a formulación de opinións críticas con respecto ao que se aprendeu de modo que o alumno poida asimilar o aprendido e incorporalo eficazmente á súa experiencia persoal.

### **1.1. Dinámicas de grupo.**

Dependendo do tipo de actividade proposta, o sistema de traballo modificará o número de alumnos que toman parte nela. Dende este punto de vista, planifícanse catro tipos de actividades:

- *Individuais*. Para favorecer a iniciativa propia, a creatividade e a autonomía persoal. Serán valoradas de xeito individual tamén.
- *En parella*. Unha forma de estimular o debate e o intercambio de ideas nun primer momento. A valoración deste tipo de actividade é compartida a partes iguais polos integrantes da parella.
- *De pequeno grupo*. Tomando como moito grupos de cinco persoas, intentamos favorecer a integración e desenvolver a capacidade de traballo en equipo. Na valoración final intervirán, ademais do profesor, o alumnado integrado no grupo.
- *De gran grupo*. Pretenden convidar ao debate e estimular o desenvolvemento das relacións sociais e persoais. Na valoración final intervirán, ademais do profesor, o alumnado integrado no grupo.

## **1) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.**

### 1.1. Recursos e organización dos espazos.

Neste caso a materia será impartida na aula de imaxe, na que contaremos con mesas amplas, fregadero, pizarra branca, proxector e catro rodenadores. Asimesmo con hai varias cámaras de fotos e vídeo e uns flashes. Para aqueles contidos que requiran recursos especiais, como os relativos a traballos co ordenador, empregaremos os ordenadores na aula ou a aula de informática coa que conta o centro.

Polo que respecta a outros materiais e recursos que empregaremos na materia, faremos unha exposición máis detallada no apartado correspondente.

### 1.2. Materiais e recursos didácticos.

Os materiais de uso común serán os indicados e requeridos para cada traballo. O alumnado non ten que adquirir libro de texto pero necesitará certo material de debuxo básico como son compases, regras, gomas, lapis, láminas de debuxo, etc... no caso de que un alumno ou alumna en particular non poda mercar o material, o Departamento poderá deixarllo en préstamo.

Nas sesións de aula utilizaremos diferentes tipos de recursos didácticos como:

- A biblioteca de aula dedica ao cómic
- O blog do profesor
- Webs de referencia
- Videotitorias e diferente tipo de recursos na rede
- Software incorporado nos ordenadores do alumnado (paquete OpenOffice, Gimp, ...)

## **1) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Para a análise do proceso de ensino e a práctica docente distinguimos catro aspectos:

- I) Motivación para a aprendizaxe: accións concretas que invitan ao alumno a aprender.
- II) Organización do momento de ensino: dar estrutura e cohesión ás diferentes secuencias do proceso de ensino-aprendizaxe
- III) Orientación do traballo dos alumnos: axuda e colaboración que se efectúa para que os alumnos logren con éxito as aprendizaxes previstas.
- IV) Seguimento do proceso de aprendizaxe; accións de comprobación mellora do proceso de aprendizaxe ( ampliación, recuperación, reforzo...).



Estes catro aspectos están teóricamente diferenciados aínda que se entrecruzan na práctica.

Os aspectos a avaliar entón, serán os relacionados coa planificación (deseño da programación), o desenvolvemento (información, motivación, actividades na aula, recursos e organización da aula, instrucións...) e a avaliación.

Os indicadores de logro que empregaremos son os que seguen:

## **PLANIFICACIÓN**

1. A programación está deseñada en relación co currículo establecido no decreto 86/2015.
2. A programación está redactada cunha linguaxe clara.
3. Temporalizo os estándares de aprendizaxe trimestralmente, establecendo unha relación entre os obxectivos e as competencias clave.
4. Establezo de modo explícito os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguemento do progreso dos alumnos e comprobar o grao de consecución dos estándares e competencias.
5. Realizo a planificación con cada grupo tendo en conta a programación da materia.
6. Selecciono e secuencio os contidos da Programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.
7. Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características dos alumnos.
8. Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos...) axustados á programación didáctica e, sobre todo, axustando sempre, o máis posible ás necesidades e intereses dos alumnos.
9. Teño previstas as actividades de recuperación para o alumnado que non acadou os obxectivos.
  10. Teño en conta a diversidade á hora de facer a programación.
  11. A programación concreta os elementos transversais a traballar en cada curso.
  12. A programación establece de modo explícito actividades complementarias e extraescolares.
  13. Planifico a miña actividade de modo coordinado co profesorado do departamento.
14. Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (xa sea por nivel ou departamentos).

## **DESENVOLVEMENTO**

### **Información**

Informo aos alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.

Informo ás familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.

### **Motivación inicial dos alumnos:**

Presento ou propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.

Plantexo situacións introdutorias previas ao tema que se vai tratar (traballos, diálogos, lecturas...)

### **Motivación ao longo de todo o proceso**

Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.

Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real...

Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas. Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)

Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos.

Estruturo e organizo os contidos dando una visión xeral de cada tema ( qué teñen que aprender, qué é importante, ...)

Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, ...

### **Actividades na aula**

Plantexo actividades que aseguran a adquisición dos estándares previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.

Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introducción, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).

Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e cómo melloralas.

No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.

No caso de que os logros sexan acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grado de adquisición.

Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución.

Teño en consideración as indicacións do departamento de orientación no caso de ter que adoptar medidas co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.

Á hora de constituir grupos reducidos, teño en conta os seguintes criterios: niveis homoxéneos ou heteroxéneos, a sorteo...

Á hora de realizar actividades teño en conta as dinámicas cooperativas.

### **Recursos e organización da aula**

Reparto o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto del mesmo para as actividades que os alumnos realizan na aula).

Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar... etc, procurando sempre un adecuado clima de traballo.

Utilizo recursos didácticos variados ( audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.

#### **Instruccións, aclaracións e orientacións ás tarefas dos alumnos:**

Comprobo, de diferentes modos, que los alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso,

...

Facilito estratexias de aprendizaxe: cómo solicitar axuda, cómo buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, os animo e me aseguro da participación de todos....

#### **Clima da aula**

As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que éstos establecen entre sí son correctas, fluidas e dende unhas perspectivas non discriminatorias.

Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflictivas.

Fomento o respecto e a colaboración entre los alumnos e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.

Proporciono situacións que facilitan aos alumnos o desenvolvemento da afectividade como parte da súa Educación Integral.

#### **Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe:**

Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas (dentro e fóra del aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais empregados).

Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e cómo pode melloralas e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.

#### **Diversidade**

Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, etc,e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe (motivación, contidos, actividades, ...).

Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, Departamentos de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.

## **AVALIACIÓN**

1. Participo activamente nas sesión de avaliación, á hora de tomar decisión no tocante a: promoción do alumnado, adopción de medidas de atención á diversidade...
2. Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación.
3. Realizo unha avaliación inicial ao comezo do curso.
4. Establezo criterios obxectivos para avaliar a aprendizaxe do alumno.
5. Ao avaliar unha actividade en equipo, ademáis da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é o reflexo da súa contribución persoal.
6. Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos: listas de cotexo, guía de observación, diarios, probas...
7. Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: coherentes cos estándares de aprendizaxe, adaptados á diversidade dos alumnos, diferentes segundo os contidos traballados...
8. Emprego a autoavaliación do alumnado.

## **1) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIASPENDENTES.**

Ao ser o final da etapa non haberá alumnos coa materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 4º pendente.

## **2) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

### **Avaliación inicial.**

Ao alumnado de 1º da ESO, faráselle ao comezo do curso unha proba de avaliación inicial que permitirá coñecer o seu grao de madurez, a súa motricidade fina, o grao de expresión e comprensión desenvolvido e a consecución dos obxectivos na etapa anterior.

No caso do alumnado de 3ºESO e 4º da ESO, a no ser que o alumnado ou o profesorado non teñan coñecemento previo, en cuxo caso haberá que aplicar os procedementos propios do alumnado de 1ªESO, terase moi en conta a traxectoria anterior á hora de facer esa valoración inicial, sen que isto signifique xuízo previo algún do alumnado. As ferramentas fundamentais serán as primeiras probas desenvolvidas na aula, facendo fincapé na observación do alumnado.

Os resultados das probas e/ou das observacións directas na aula, determinarán se é preciso paliar determinadas deficiencias e retomar e afianzar conceptos clave a nivel individual ou grupal. Nesta liña, deseñaríamos un programa de repaso con actividades tanto de reforzo como de ampliación, estas últimas para aqueles alumnos que sí acadaron resultados satisfactorios nas probas.

### **3) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

A mesma definición do proxecto educativo e das súas concrecións curriculares constitúe unha medida de atención á diversidade. Por outro lado, o seu desenvolvemento nas programacións de aula e nas súas unidades didácticas xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación aos intereses, ás capacidades e ás motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias clave e dos obxectivos.

Polo que respecta á área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, en caso de presentarse alumnado con algunha necesidade educativa derivada dalgún tipo de discapacidade, cremos que o emprego de ferramentas informáticas ofrece, pola súa versatilidade, solucións válidas para a maioría dos casos. Para outro tipo de necesidades, como pode ser o caso de alumnos estranxeiros ou alumnos sobredotados intelectualmente, por exemplo, cremos que as medidas a adoptar deben adaptarse ás que, de modo xeral, decidan os órganos competentes do centro, e que poden ser moi diversas segundo as circunstancias.

No caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe, deseñaremos actividades e probas adaptadas ás súas características e necesidades.

En calquera caso, a toma de decisións de cara á realización de adaptacións curriculares ou calquera outra medida de atención á diversidade ordinaria ou extraordinaria, tomarase sempre de acordo co Departamento de Orientación, e de acordo cos criterios que, en cada caso, se establezan para cada necesidade concreta.

### **4) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDE.**

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Debe ser suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural en permanente cambio. Polo tanto, contén un conxunto de

ensinanzas que, integradas no propio programa das materias, o atravesan e o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas transversais.

A LOMCE, no artigo 24.6 establece que, sen prexuízo do seu tratamento educativo específico nalgunhas das materias de etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán en todas as materias.

- Para o traballo da **Comprensión lectora** empregaremos o cómic como a ferramenta máis axeitado ao perfil da nosa materia. Proporáse ao alumnado unha actividade lectora que terá carácter voluntario.

*Deseño da actividade lectora:* O alumnado poderá ler un ou máis cómics recollidos dentro do listado de volumes propostos polo profesorado da área e pertencentes á biblioteca, ou ben outro cómic proposto polo alumno e aprobado polo profesorado da área. Despois de ler os cómics o alumnado deberá facer unha ficha de lectura. Existen dúas fichas de lectura adaptadas aos dous ciclos da ESO. Cada lectura+ficha poderá valorarse ata un máximo de 0,25 puntos que se sumarán á nota da avaliación. Poden entregarse ata un máximo de 4 fichas por avaliación, aínda que a máxima puntuación que se pode sumar será de 0,50 puntos. Valoración da ficha: O alumnado que demostre a través da ficha de lectura e/ou as respostas ás cuestións do

profesorado, que ten lido o cómic sumará 0,10 puntos. Os 0,15 puntos restantes responderán ao traballo recollido na ficha de lectura. As fichas poden entregarse ata dúas semanas antes do final da avaliación. As fichas entregadas posteriormente contarán para o seguinte trimestre. Haberá fichas dispoñibles na aula para que o alumnado as retire e traballe nelas. Esta actividade desenvolverase fora do horario das sesións da materia.

Para a Expresión oral e escrita intentarase que o alumnado sexa quen de expresar de forma escrita e oral aquilo que realiza de forma gráfica (técnicas empregadas, trazados xeométricos...), ou ben realizar a análise dunha obra de arte (aspectos denotativos e connotativos). Toda a ESO poderá traballar este contido.

- A **Comunicación audiovisual** encaixa perfectamente na análise das mensaxes visuais e audiovisuais (publicidade, visionado e elaboración de curtas...). Toda a ESO poderá traballar este contido.

- En canto ás **TIC**, fomentaremos a autonomía e a colaboración na busca de información a través de Internet o emprego de materiais interactivos e outros recursos dispoñibles na rede no proceso ensino-aprendizaxe (visitas virtuais a Museos para a análise das obras de arte, por exemplo) e o emprego do soporte informático na elaboración e presentación dos traballos do alumnado, ademais de inicialos no manexo de programas e aplicacións específicas de edición de Imaxen (Gimp), de debuxo vectorial (Inkscape, office draw), de Animación Stop Motion (Monkey), de edición de vídeo (Movie Maker), de debuxo (Qcad...), e introducir ao alumnado no Processing: ferramenta de programación enfocada cara a creación de imaxes fixas e en movemento. Toda a ESO poderá traballar algunha destas ferramentas.

- A **capacidade para o emprendemento** pódese ver enriquecida co emprego de instrumentos coma os traballos e os proxectos, onde xurdirá a necesidade de toma de decisións, de ter iniciativas e de propor solucións creativas ás propostas formuladas (maior peso nos cursos de 3º e 4º da ESO)

- A convivencia na aula e os traballos en equipo, favorecerán a **educación cívica e constitucional**. Toda a ESO traballará este contido.

Ademais, intentaremos introducir tódolos contidos comúns-transversais no desenrolo das competencias clave , nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación de todos os cursos, orientándoos cara unhas actitudes concretas:

- Fomentar a tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a outras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios.
- Propugnar unha actitude de rexeitamento ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.
- Difundir a análise de materiais impresos e audiovisuais como unha forma de comprender, integrar e relacionar os recursos verbais e plástico-visuais que empregan.
- Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para mellorar a cultura plástico-visual e para expresar, de forma persoal e creativa, vivencias e emocións.
- Aprender a disfrutar do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedor.
- Convidar á utilización creativa de recursos materiais variados do entorno, tanto convencionais como non convencionais.

## **7. BACHARELATO.**

### **DEBUXO ARTÍSTICO I e II**

#### **INTRODUCCIÓN**

O Bacharelato inclúe, entre as súas ensinanzas, a presenza das asignaturas de Debuxo Artístico I e II como parte cosustancial á súa natureza e carácter artístico específico, dá resposta á necesidade natural de comunicación do ser humano dunha maneira perdurable, intelixible e directa. É tamén unha linguaxe que carece de barreiras idiomáticas e que posúe unha inmediatez única para a decodificación da súa mensaxe, o que supón unha poderosa ferramenta de coñecemento.

O debuxo permite a transmisión de informacións de distinta natureza, a descrición de feitos e a ilustración e representación de fenómenos e sentimentos. A súa preeminencia ó longo de toda a historia da humanidade require que se lle preste a atención que merece, sobre todo no momento actual, no que o auxe das novas tecnoloxías parece querer relegar ó olvido os procedementos tradicionais, sendo como é tan necesario dotar ó individuo de coñecementos básicos para desenvolver unha linguaxe propia, capaz de servirlle no futuro para un gran abano de posibilidades de desenvolvemento persoal.

O debuxo é un contido básico na formación dos alumnos do Bacharelato de Artes, non só porque acrecenta os coñecementos da linguaxe gráfico-plástica adquiridos ao longo da ESO, senón tamén porque encáuza ó alumno cara un cultivo máis riguroso da agudeza perceptiva, suscitando o interese e o aprezo da riqueza formal do contorno e potenciando a utilización de recursos procedimentais máis sólidos e específicos. O seu valor formativo reside en primeiro lugar no desenvolvemento da capacidade de comprensión e de aprehensión das formas do contorno, e en segundo lugar na expresión mediante regras e procedementos básicos adquiridos. O desenvolvemento e potenciación destas capacidades deberá ser un obxectivo fundamental da materia, facendo fincapé no paulatino dominio dos recursos materiais, dos instrumentos e das técnicas que permitirán a expresión do propio pensamento dunha forma visual (gráfico-plástica) ó final do proceso.

Atendendo a este carácter icónico do debuxo e á súa función comunicativa cabe distinguir dúas vertentes no desenvolvemento da materia: a analítica, que interpreta a realidade dun modo racional, lóxico e obxectivo, e a subxectiva ou sintética, na que adquire un maior valor a expresión de sentimentos ou de emocións. Ambas dúas atópanse recollidas de forma gradual nos seus contidos ó longo dos dous cursos.

No Debuxo Artístico I préstase atención prioritaria ó vocabulario dos elementos básicos constitutivos da forma e ás articulacións e organizacións elementais no espazo dunha forma obxectiva, evitando as intencións expresivas de carácter subxectivo, sen olvida-la utilización creativa das regras da perspectiva e o uso da cor.

No Debuxo Artístico II profundízase no estudo das relacións estruturais máis dinámicas, interpretando as formas desde distintas intencións comunicativas, exercitando o correcto uso dos instrumentos e materiais e considerando con maior énfase a incidencia de variables espaciais e lumínicas.

A contribución desta materia ás finalidades propedéutica e formativa do Bacharelato concrétese no aporte para o alumno de coñecementos e destrezas útiles en moitas opcións profesionais ou na continuación de estudos que requiran capacidades de representación gráfica e de expresividade plástica, facilitando a comprensión e análise das realidades formais do contorno, o aumento da sensibilidade estética e a aparición de criterios de valoración propios.



# **DEBUXO ARTÍSTICO I**

1. **OBXECTIVOS.**
2. **CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE.**
3. **CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. TEMPORALIZACIÓN.**
4. **MOMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO.**
5. **CONCRECIÓN METODOLÓXICA.**
6. **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
7. **ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

## **1. OBXECTIVOS.**

1. Coñece-la terminoloxía básica da materia, así como os materiais e procedementos máis adecuados, adquirindo o dominio necesario para desenvolve-las propias ideas dunha maneira racional e ordeada no traballo.
2. Recoñecer, distinguir e describi-los elementos básicos que interveñen na configuración da forma, empregándoos correctamente na representación analítica de obxectos do entorno.
3. Aprender a estrutura interna dos obxectos que se representan e interpretala graficamente.
4. Distinguir os datos esenciais que configuran a forma, prescindindo dos detalles superfluos ou decorativos e atendendo ás proporcións, elementos estruturais das distintas partes que a configuren para debuxar estruturas formais.
5. Apreciar e recoñecer no entorno os elementos básicos da perspectiva e representar de maneira intuitiva o volume das formas a través da perspectiva.
6. Recoñecer os factores e elementos fundamentais das características lumínicas nos elementos e a súa relación coa percepción do volume e saber aplicarlos a representación do volume a través do claroscuro.

## **2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE.**

Neste apartado se amosan os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe relacionándoos cos obxectivos da etapa e coas competencias clave.

\*A numeración que vai acompañada da letra B (p.e. B2.1.) refírese ao bloque ao que pertencen os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Son cinco os bloques para a Deb Art 1 definidos no currículo base:

-Bloque 1. O debuxo como ferramenta.

-Bloque 2. Liña e forma

-Bloque 3. A composición e os seus fundamentos

-Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura

-Bloque 5. A cor

Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O debuxo como ferramenta				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.</li> <li>▪ DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Expresión da subxectividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- B1.2. Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándolos ao obxectivo plástico desexado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Materiais, utensilios e soportes básicos.</li> <li>▪ B1.4. Introducción ás técnicas secas e á súa aplicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> <li>▪ DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Liña e forma				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.</li> <li>▪ DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. A perspectiva intuitiva e a súa apli-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresi-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<p>cación no debuxo artístico.</p>	<p>vidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<b>Bloque 3. A composición e os seus fundamentos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. A construción das sombras. Valores tonais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
Bloque 5. A cor				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Teoría da cor. Natureza. Dimensións e comportamento da cor.</li> <li>▪ B5.2. Expresividade da cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> </ul>

## **TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS:**

1º trimestre:

O Bloque 1,2

2º trimestre:

Os Bloques 3,4

3º trimestre:

O Bloque 5

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Avaliación inicial: poderá realizarse mediante probas escritas prácticas e teóricas, actividades, ou ámbalas dúas cousas, obteremos unha información previa do grupo e de cada individuo.

Avaliación contínua: a avaliación dos procesos de aprendizaxe realizarase a través de:

A observación directa.

Exames teóricos e prácticos

Traballos

A realización de actividades na aula

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Exames

Traballos

Actividades dna aula

Ficha do alumno

## **AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO.**

A avaliación permite plantexar as estratexias da ensinanza que regulan a actividade didáctica, dando lugar a correxir posibles deficiencias da mesma e garantindo a adecuación do Deseño Curricular ás posibilidades reais da aula, interrelacionando obxectivos, contidos e actividades.

## **MOMENTOS DA AVALIACIÓN:**

O proceso de avaliación formativa e continua responde á comprobación do nivel de desenvolvemento das capacidades do alumnado, tendo en conta o progreso persoal e o grao de consecución dos obxectivos, avaliando tanto os aspectos conceptuais coma os procedimentais e que se complementará coa observación das actitudes dos alumnos e alumnas.

A avaliación formativa e continua parte dunha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado, completándose coa avaliación final como suma evolutiva dos coñecementos e actitudes adquiridas polo alumnado.

En Debuxo Artístico aplicaranse criterios de avaliación formativa xa que o corpo da asignatura permite procesos de avaliación continua, recurrido a instrumentos apropiados para esta asignatura, é dicir, trátase de avaliar o proceso máis que o resultado.

### **Avaliación continua.**

En cada bloque temático poderase realizar **probos teóricos e prácticos** para avaliar o nivel de coñecemento adquirido sobre os contidos desenvolvidos. A nota obtida nestas probas teóricas significarán o 50% da nota.

**Os exercicios diarios e traballos das prácticas** suporán o 50% da nota .

No caso de non facerse probas de tipo práctico ou teórico ao final do trimestre a nota será a media dos traballos realizados ata o 80 por cento e a actitude será o 20 por cento.

As faltas de actitude e os **exercicios prácticos** de clase non entregados ou mal realizados poderá suponer unha redución da nota final de **asta 2 puntos** como máximo.”

### **Avaliación final.**

Enténdese que a materia para este curso está superada se o alumno obtén una calificación de 5 ou máis. O redondeo será do seguinte xeito: tomarase a cifra enteira inmediatamente superior nos casos que sexan **X´60** ou superior, no caso de que a nota sexa **X´59** se tomará a cifra enteira desa nota.

No caso da avaliación ordinaria esta nota obténese a través da media das tres avaliacións

### **Avaliación extraordinaria e alumnos coa materia pendente.**

O alumno deberá realizar unha **proba teórica - práctica**, similar ós feitos ó longo do curso no que poderase avaliar calquera dos contidos dados ao longo do mesmo.

O alumno tamén deberá facer unha serie de **traballos** relacionados cos contidos do curso e que se lle indicará antes do remate do curso. Os traballos non entregados ou que non acaden o nivel mínimo existido suporán unha redución da nota final de asta **2 puntos** como máximo.

### **3. CONCRECIÓN METODOLÓXICA.**

As diferentes actividades e temas están secuenciados de xeito que partimos do estudio básico da forma, os seu elementos mais esenciais, realizando debuxos sinxelos, para ir aumentando na profundidade deste estudio, creando debuxos con maior número de funcións e valores plásticos.

A metodoloxía baséase na realización por parte do alumnado dunha serie de **exercicios prácticos** que só se porán realizar na aula. Estes exercicios está especificados nun caderno de traballo que recibirá cada alumno desde o inicio do curso. Estes exercicios se complementarán con actividades de recollida de información, investigación e experimentación fora do horario escolar, para unha posterior aplicación na aula.

A hora de presentar os exercicios prácticos, nun primeiro momento se exporán os contidos conceptuais, apoiándose na medida do posible en diferentes recursos didácticos, abaixo indicados, intentando aproximar ditos conceptos á realidade do alumnado. Posteriormente se informará ao alumnado dos criterios de avaliación que se van a empregar.

O alumnado, baixo a orientación do profesor, terá que ir realizando, nos seus cadernos de debuxo, os exercicios propostos para cada día. O alumno deberá entregar os exercicios na data que se lle indica, permitindo así autonomía e liberdade para que o alumno vaia ao seu ritmo.

A hora de avaliar os diferentes traballos se buscará na medida do posible que os alumnos opinen, critiquen, avalíen... os traballos dos seus compañeiros.

### **4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Os **recursos** deben elixirse pola súa capacidade de comunicación e aptitude didáctica do momento. Os medios, recursos e materiais son imprescindibles para desenrolar unha metodoloxía actual en calquera asignatura do Bacharelato de Artes, a didáctica de ensinanza debe estar acorde cos adiantos tecnolóxicos que propicien cambios a nivel metodolóxico. Os alumnos poden ter acceso a todos os recursos, información básica do funcionamento da materia durante o horario escolar ou accedendo ao **espazo web** adicado a esta materia.

*Video, proxector de diapositivas, proxector de ordenador (presentacións en power point), fotocopias, videoteca e biblioteca de aula, arquivo de imaxes impresas e material infográfico.*

**Materiais.** Están relacionados cas diferentes actividades e as técnicas que se utilicen no seu desenrolo:



*Caderno de debuxo tamaño A4, lapis grafito de diferentes durezas, barra de grafito dureza B6, goma, afía lapis, caderno de apuntes tamaño A5, difumino, barras de carboncillo de diferentes grosos, goma de miga de pan, bote pequeno de tinta chinesa negra, rotuladores negros de diferentes grosos, 2 pinceis de diferentes tamaños, vaso e prato de plástico, tixeiras e pegamento.*

*Libro de texto obligatorio: Dibujo artistico 1  
Autores: Eugenio Bargueño y Mercedes Sanchez  
Editoial : Mc Graw Hill*

## **5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Para os alumnos que presenten dificultades á hora de alcanzar os obxectivos marcados no curso según os criterios de avaliación establecidos e que teñan unha actitude de traballo e esforzo cara a materia., poderáselles a aplicar unha serie de medidas para reforzar e axudar a conqerilos:

REVISIÓN INDIVIDUALIZADA DAS LÁMINAS. En cada lámina indicaranse os erros cometidos para evitar que aparezan nas seguintes, e se fose necesario o alumno poderá repetila.

DE RITMO DE TRABALLO AXEITADO A CADA ALUMNO. Ao ter cada alumno un caderno de traballo pode administrar o tempo según as súas necesidades.

VARIACIÓN DO NÚMERO DE EXERCICIOS A ENTREGAR. So no caso de que o alumno por circunstancias xustificadas ou por presentar unha actitude clara de traballo non pode realizar todas as actividades propostas.

Se ademais fose necesario se empregarían os seguintes tipos de actividades:

ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN. Son actividades de dificultade maior que serán aplicadas a aqueles alumnos que así o precisen.

ACTIVIDADES DE REFORZO. Consisten nunha serie de láminas deseñadas para traballar dunha maneira mais estruturada e disgregada os contidos propios das unidades nas que están incluídas. Utilizaranse sobre todo dentro das adaptacións significativas.

# **DEBUXO ARTÍSTICO II.**

## **1. OBXECTIVOS**

A ensinanza do Debuxo Artístico no bacharelato terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Coñecer e distinguir os elementos básicos que configuran a forma e empregarlos correctamente na representación de obxectos e estruturas.
2. Aprehender a estrutura interna dos obxectos que se representan e interpretala graficamente.
3. Distinguir os datos esenciais que configuran a forma, prescindindo dos detalles superfluos ou decorativos e atendendo ás proporcións das distintas partes que a configuren para debuxar estruturas formais.
4. Utilizar e desenvolver a memoria visual e a retentiva para elaborar imaxes, tanto desde un punto de vista obxectivo como subxectivo.
5. Utilizar a observación e o estudo directo das formas da natureza como fonte de reflexión para representacións de carácter subxectivo.
6. Interpretar unha forma ou conxunto de formas con diferentes intencións comunicativas ou expresivas.
7. Coñecer e aplicar a terminoloxía básica, así como os materiais, técnicas e procedementos adecuados á finalidade pretendida, adoptar criterios persoais e proceder de xeito racional na resolución das propostas de traballo.
8. Coñecer e utilizar os fundamentos teóricos da cor e o seu uso nas creacións plásticas de xeito razoado e expresivo.
9. Achegar nos debuxos solucións expresivas de carácter subxectivo, como medio para desenvolver a sensibilidade estética, a creatividade e o pensamento.
10. Coñecer os fundamentos compositivos e aplicarlos en obras propias e na análise de obras alleas.

## Introdución

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no concepto do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

As materias Debuxo Artístico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor".

Debuxo Artístico II estrutúrase noutros cinco bloques de contido: "A forma: estudo e transformación", "A expresión da subxectividade", "Debuxo e perspectiva", "O corpo humano como modelo" e "O debuxo no proceso creativo".

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A forma. Estudo e transformación				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Modelo analítico e modelo sintético.</li> <li>▪ B1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- CC</li> <li>- EC</li> <li>- CD</li> </ul>
Bloque 2: A expresión da subxectividade				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas).</li> <li>▪ DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Valor expresivo da luz e da cor.</li> <li>▪ B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 3. Debuxo e perspectiva				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo.</li> <li>▪ B3.2. Representación da forma con fins expresivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.</li> <li>▪ DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.</li> <li>▪ DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
Bloque 4. O corpo humano como modelo				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.</li> <li>▪ DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Nocións básicas de anatomía artística.</li> <li>▪ B4.3. Estudo e representación do movemento da figura humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Antropometría. Relacións da figura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	humana co espazo arquitectónico e co contorno natural.	e a expresividade da figura humana.	ca aplicando diferentes técnicas.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 5. O debuxo no proceso creativo</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Actitude creativa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

## **2. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS:**

1º trimestre:

O Bloque 1, A FORMA. ANÁLISE E MODIFICACIÓN DA FORMA.

2º trimestre:

Os Bloques 2, A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE e 3 O CORPO HUMANO COMO MODELO.

3º trimestre:

O Bloque 4, MATERIAIS E AS TÉCNICAS DO DEBUXO. AMPLIACIÓN DE COÑECEMENTOS.

## **3. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Avaliación inicial: mediante exames, actividades e traballos obteremos unha información previa do grupo e de cada individuo.

Avaliación contínua: a avaliación dos procesos de aprendizaxe realizarase a través de:

- A observación directa.
- A realización de actividades na aula.
- A realización de probas prácticas e teóricas
- A realización de traballos de sobre contidos da materia.
- Ficha do alumno.

## **2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación terá en conta a asimilación dos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Calificaranse as actividades, exercicios e traballos feitos na aula, e teranse en conta tamén os procesos e actitudes desenvolvidos, durante os mesmos, a través da observación directa.

No proceso de aprendizaxe avaliarase o desenvolvemento das actitudes de cara á asignatura, a adquisición de destrezas no debuxo, a resolución de actividades, os recursos empregados, etc...



### **Avaliación continua.**

En cada bloque temático poderase realizar **probos teóricas e prácticas** para avaliar o nivel de coñecemento adquirido sobre os contidos desenrolados. A nota obtida nestas probas teóricas significarán o 50% da nota.

**Os exercicios diarios e traballos das prácticas** suporán o 50% da nota .

No caso de no facerse probas de tipo práctico ou teórico ao final do trimestre a nota sera a media dos traballos realizados ata o 80 por cento e a actitude sera o 20 por cento.

As faltas de actitude e os **exercicios prácticos** de clase non entregados ou mal realizados podrá suponer unha redución da nota final de asta **2 puntos** como máximo.”

### **Instrumentos de avaliación:**

Fichas de cada alumno/a onde anotar referencias ó seu progreso.

Exames escritos teóricos e prácticos.

Observación do alumnado e os seus procesos de traballo. Diario de clase coas actualizacións e evolución do alumnado. Probas obxectivas sobre os contidos preestablecidos.

Traballos realizados polo alumnado.

## **3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

A metodoloxía debe basearse nos procesos e estratexias que se requiren para resolver problemas reais en situacións concretas, e nas habilidades necesarias para o análise e comprensión das características, o funcionamento e as funcións dos obxectos técnicos.

Así pois, as decisións tomadas no que respecta á metodoloxía deberán ter en conta os seguintes principios:

As propostas de traballo deben ter un sentido e un significado claro para os alumnos.

A actividade do alumno, tanto intelectual como manual, debe formar parte fundamental do proceso de aprendizaxe.

Os contidos deben ter un carácter funcional, polo que se deben presentar no momento axeitado para resolver as necesidades e dificultades prantexadas no proceso de traballo.

As aprendizaxes relativas ao uso de materiais, ferramentas e máquinas para fabricar, analizar ou reparar obxectos, tendo en conta que esto debe ser un medio e nunca un fin.

O papel do profesor que deberá ser diferente en cada momento e sempre en función das necesidades derivadas de cada proceso e cada grupo de alumnos. A súa tarefa fundamental é organizar o proceso de aprendizaxe, seleccionando os obxectivos, definido as actividades, creando as situacións oportunas para que os alumnos constrúan, enriquezan, modifiquen e diversifiquen os séus esquemas de coñecemento, e avaliando a totalidade do proceso.

Os medios e recursos didácticos deben posibilitar a aprendizaxe en contacto coa realidade, resolvendo situacións problemáticas, modificando solucións anteriores ou rectificando erros.

As actividades deben posibilitar a aprendizaxe cooperativa mediante o traballo en grupo.

A axuda pedagóxica debe adaptarse ás necesidades de cada alumno e grupo. A avaliación do alumno debe ter un carácter básicamente formativo, como instrumento de axuda e orientación.

Aprendizaxe constructiva. Tal como indica o DCB haberá de empregarse unha metodoloxía activa na que o principio fundamental sexa “ aprender a ver” e a expresarse plásticamente mediante unha linguaxe baseada na percepción visual. O alumno irá contruíndo o seu coñecemento da materia a través da propia experiencia e axudado por actividades de observación, de apreciación do xeito en que outros se expresan, de autoexpresión e de autoaprendizaxe ou experimentación.

As actividades serán claras (enunciadas cunha linguaxe sinxela e precisa), proporcionalmente equilibradas aos contados e gratificantes para os alumnos na medida do posible. Evitarase a monotonía.

Procedemento de avaliación. Sistema de avaliación continua no que se estudará a evolución do alumno en cada trimestre e en suma ao longo de todo o curso. Ao remate do mesmo o alumno engadirá ao seu proxecto unha síntese dos coñecementos adquiridos.

Os criterios analízanse a partires da realización, por parte do alumno de actividades prácticas, do traballo diario na aula e na casa cando así se requira, e da avaliación de conceptos teóricos aplicados nos exercicios ou en exames cando o profesor o estime oportuno.

#### **4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Os recursos deben elixirse pola súa capacidade de comunoicación e aptitude didáctica do momento. Os medios, recursos e materiais son imprescindibles para desenrolar unha metodoloxía actual en calquera asignatura do Bacharelato de Artes, a didáctica de ensinanza debe estar acorde cos adiantos tecnolóxicos que propicien cambios a nivel metodolóxico.

*Materiais de uso xeneralizado:*

Video, proxector de diapositivas, proxector de ordenador (presentacións en *power point*), fotocopias, videoteca e biblioteca de aula, arquivo de imaxes impresas e material infográfico.

*Materiais de uso específico:*

Están relacionados cas diferentes actividades e as técnicas que se utilicen no seu desenrolo. Poden abarcar dende os cabaletes de debuxo e pintura ou tórculo de gravado ata a cámara fotográfica, catálogos de papeis e outros materiais máis específicos do debuxo como lápices, plumas, tintas, acuarelas, regra.

Libro de texto obligatorio: Dibujo artistico 1

Autores: Eugenio Bargueño y Mercedes Sanchez

Editoial : Mc Graw Hill

#### **5. TEMAS TRANSVERSAIS**

O desenvolvemento da materia require o constante desenvolvemento dos temas transversais, xa que as técnicas e a expresión están a miúdo ao servizo dunha mensaxe. Ademais é importante analizar nas obras coas que imos traballar, a posible transmisión de estereotipos sexistas, racistas ou de calquera outra índole. Do mesmo xeito, ao ser Debuxo Artístico II unha materia eminentemente práctica, os alumnos poderán reflexionar e manifestarse sobre estes temas nas súas producións.

Os temas transversais que merecen un tratamento especial porque concernen directamente aos contidos propios da materia serían: a Educación para a convivencia, a Educación do consumidor, a Educación non sexista, a Educación ambiental e a Educación multicultural.

### **Educación para a convivencia**

Propóñense actividades para realizar en grupo coas que se contribúe a desenvolver a propia disposición á solidariedade, cooperación e respecto ás opinións e formas expresivas alleas; sendo un dos eixos metodolóxicos e organizativos do traballo no aula.

### **Educación do consumidor**

Orientar aos alumnos sobre actividades que contribúen ao desenvolvemento da súa capacidade creativa e que poden levar a cabo no seu tempo libre. Así, por exemplo, o debuxo, a pintura, o gravado, etc., poden descubrirlles formas de lecer descoñecidas ata o momento para eles.

Nalgúns dos desenvolvementos concretos pódense propor actividades relacionadas co aproveitamento dos materiais e recursos de que dispón os alumnos, creando os seus propios instrumentos e compartindo os materiais de que dispón.

### **Educación non sexista**

Foméntase no alumnado o interese pola análise crítica daqueles contidos que denotan discriminación sexual na linguaxe a través da imaxe, así como dos estereotipos que de forma inconsciente reflicten nos seus traballos, co fin de levar a cabo unha progresiva transformación de actitudes.

Nas actividades de grupo faise necesario propiciar o intercambio de papeis entre alumnos e alumnas. Contribuirase así, desde a propia actividade do aula, a establecer unhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas.

### **Educación ambiental**

Foméntase nos alumnos pautas de actuación e comportamento dirixidas ao respecto ao medio ambiente. Tamén se pretende que haxa unha comunicación dos alumnos coa contorna a través da linguaxe gráfica plástica.

É importante dotar aos alumnos de pautas que lles permitan valorar as obras de arte en relación á contorna no que están, atendendo a criterios de harmonía, estéticos, protección e conservación do medio, etc.

### **Educación multicultural**

As características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais como doutro tempo, doutras culturas distintas da nosa, tratando de que os alumnos saiban respectalas e valoralas.

### **Introducción das Tecnoloxías da Información e Comunicación**

As novas tecnoloxías de información e comunicación intégranse no Currículo da materia. Ademais de incidir no coñecemento do seu funcionamento e utilización, o que se pretende é o desenvolvemento de criterios para un uso racional e non abusivo delas ( telefonía móbil, internet, TV, etc ), de capacidades para evitar a manipulación publicitaria ou propagandística, e de habilidades para a análise crítica dos seus contidos.

# DEBUXO TÉCNICO I e II

## 1. INTRODUCCIÓN.

A necesidade de contar cunha ferramenta a disposición da descrición da forma, obxectivamente entendida, é o que lle da sentido ó Debuxo Técnico. O "corpus" teórico e a práctica desta disciplina están presididas polo criterio de ofrecer unha visión controlada das estruturas formais, os obxectos e os espazos, así como as súas relacións espaciais no mundo real ou mesmo teórico. Así, o Debuxo Técnico convértese nunha linguaxe universal ó servizo da expresión científica e técnica. Por isto, o carácter científico e a necesidade práctica da expresión que debe amosa-lo Debuxo Técnico esixe deste a racionalidade e o entendemento das súas formulacións e solucións. O Debuxo Técnico, así entendido, é un vehículo que alomenos cumpre os seguintes cometidos, que a miúdo son interdependentes:

Ofrecer unha imaxe ou imaxes do pensamento racional que -diante dun problema formal- nos permiten formulalo, analízalo, achar una solución e expresala graficamente.

Desenvolver e comunicar graficamente todo o proceso que leva á consecución dun obxecto, un espazo, etc. desde a idea xerminal ata a súa realidade física.

Por outra banda, o debuxo técnico como linguaxe que é (e máis concretamente o debuxo técnico Normalizado), está estruturado por unha "gramática" propia que lle da coherencia, racionalidade e comprensibilidade. Esa estrutura da que deriva esta linguaxe baséase fundamentalmente na xeometría, nos sistemas de representación proxectivos e nas normas técnicas de debuxo. Non se pode entende-la imaxe da realidade representada sen entender previamente o código que produce a devandita imaxe e -mesmo ás veces- é precisa a imaxe para entender e obter-la realidade seguindo o camiño inverso do código da representación.

Co fin de procurar un estudio sistemático e coherente do conxunto de regras que constitúen esa gramática e a súa formulación práctica como linguaxe, a materia estrutúrase en tres grandes corpos temáticos:

1. XEOMETRÍA PLANA
2. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN BASEADOS NA PROYECCIÓN
3. NORMALIZACIÓN

Por suposto que estes corpos non deben entenderse como compartimentos illados a abordar secuencialmente, senón que están tan interrelacionados que uns precisan do apoio dos outros para o seu manexo e comprensión. Será o/a profesor/a quen organice e lle dea coherencia e continuidade ó seu discurso docente segundo as características e circunstancias do alumnado.

Por outra banda, débese facer énfase na actitude intelectual que o estudio destes corpos aportan ó alumnado. A xeometría plana proporciona o rigor do pensamento lóxico constructivo. Os sistemas de representación posibilitan o control do salto no baleiro desde a tridimensionalidade ó plano e a normalización establece os convencionalismos universais que permiten entende-lo representado.

Desde un punto de vista docente, pártese de que os contidos desta materia xa foron abordados nun nivel inferior en cursos anteriores, e que a profundización que agora se acomete deberá facilitarlle ó alumnado un nivel de coñecemento suficiente como para abordar outros estudos máis especializados, así como para comprende-las mensaxes gráficas emanadas do mundo actual no que a ciencia e a técnica teñen unha importancia decisiva.

Aprécia-lo desenvolvemento sostible mediante a reciclaxe de materiais, o deseño e consumo racional de obxectos...

# DEBUXO TÉCNICO I

## ÍNDICE.

---

1. **OBXECTIVOS E INTRODUCCIÓN.**
2. **CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE.**
3. **SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.**
4. **CONCRECIÓN METODOLÓXICA.**
5. **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
6. **CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO.**
7. **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**
8. **MEDIDAS ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

### 1. OBXECTIVOS.

1. Entende-lo debuxo técnico como unha linguaxe universal que nos permite expresar gráfica e obxectivamente unha realidade.
2. Desenvolve-las destrezas necesarias para expresarse cos instrumentos específicos do debuxo, utilizando as técnicas gráficas axeitadas e ofrecendo solucións claras, precisas e obxectivas.
3. Desenvolve-la visión espacial para ser quen de relacionar, situar e compara-las formas tanto no espacio real como a súa correspondencia no espacio do debuxo.
4. Coñecer e comprende-las regras do debuxo técnico para interpreta-la representación de formas como imaxe da realidade.
5. Usa-los métodos e coñecementos propios do debuxo técnico na investigación e solución razoada de problemas científicos e técnicos.
6. Acepta-la normalización como convencionalismo universal que simplifica e facilita o entendemento da representación ou racionaliza-la produción dunha determinada realidade.
7. Coñecer e respecta-las principais normas (UNE e ISO), na execución de planos técnicos. Desenvolve-la destreza expresiva necesaria para trazar croquis a man alzada, rexistrando os aspectos fundamentais de forma, orientación, proporción, detalles, medida, etc. dunha determinada realidade.

## **Introdución**

Entre as finalidades de Debuxo Técnico figura de xeito específico dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. Esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso trabállase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcense gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización". Trátase de que o/a estudante teña unha visión global dos fundamentos do debuxo técnico que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

Ao longo do segundo curso introdúcese un bloque novo ("Documentación gráfica de proxectos"), en lugar de "Normalización", para a integración das destrezas adquiridas na etapa.

Xa que logo, os elementos do currículo básico da materia agrupáronse en tres bloques interrelacionados: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización" ou "Documentación gráfica de proxectos".

No primeiro bloque, desenvóléronse durante os dous cursos que compoñen esta etapa os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque dedicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ I</li> </ul>	<p>actual.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Proxecto: tipos e elementos.</li> <li>▪ B3.4. Planificación de proxectos.</li> <li>▪ B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.</li> <li>▪ B3.6. Elaboración das primeiras ideas.</li> <li>▪ B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.</li> <li>▪ B3.8. Presentación de proxectos.</li> <li>▪ B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.</li> <li>▪ B3.10. Debuxo de bosquexos a man alzada e esquemas.</li> <li>▪ B3.11. Elaboración de debuxos cotados.</li> <li>▪ B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.</li> </ul>	<p>xunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.</li> <li>▪ DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispondo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.</li> <li>▪ B3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.</li> <li>▪ B3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.</li> <li>▪ B3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.</li> <li>▪ B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

### 3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

#### DEBUXO TÉCNICO II

1º TRIMESTRE:	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
BLOQUE 1. GEOMETRÍA E DIBUJO TÉCNICO	BLOQUE 2. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN	BLOQUE 2. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN
BLOQUE 2. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN		BLOQUE 3. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE PROYECTOS

## **4. CONCRECCIÓN METODOLÓXICA.**

### **Enfoque metodolóxico**

A materia de Debuxo Técnico, entendida como medio de expresión e comunicación que é, axuda a desenvolver-la comprensión gráfica, para así conseguir unha mellor concreción visual, necesaria á hora de coñecer e interpreta-lo contorno e calquera tipo de espacio e volume que nel se encontren.

Para a consecución dun axeitado grao de coñecemento é necesario pasar forzosamente pola investigación e pola análise. Nestas empréganse unha serie de convencionalismos e unha normalización que proporcionan fiabilidade e universalidade, o que axudará a mellora-la correcta lectura e comprensión de ideas, todo isto con claro carácter obxectivo.

Os contidos da materia de Debuxo Técnico caracterízanse pola súa natureza lóxico- deductiva, ó igual que outras materias como por exemplo Matemáticas; polo tipo de razoamentos que empregan, pola forte cohesión interna dentro de cada campo e entre uns campos e outros, así como polo uso de linguaxes «abstractas».

A súa estrutura, sumamente flexible, caracterízase pola súa constante interrelación con outros campos, en especial no ámbito da ciencia e da técnica.

Ademais, como é lóxico, todo novo contido debe relacionarse cos anteriores e apoiarse en conceptos acabados e ben asentados, precisos para seguir avanzando na aprendizaxe. Deste xeito, o asentamento de coñecementos convértese nun punto clave á hora de abordar con éxito a materia.

A abstracción, o razoamento en tódalas súas vertentes, a resolución de problemas de todo tipo, de forma gráfica ou non, a investigación, a análise e a comprensión da realidade son algunhas das capacidades que se desenvolven na materia de Debuxo Técnico en Bacharelato. Hai que ter en conta as posibilidades, entre outras, da aplicación da informática ó debuxo técnico.

É tamén o momento de introducir o alumno no coñecemento de novas ferramentas que lle permitan abordar con éxito a aprendizaxe no Bacharelato e en posteriores estudos técnicos e científicos.

A resolución de problemas relacionados cos contidos estudados pretende desenvolver hábitos e actitudes propios do modo de facer do debuxo técnico, á vez que permite formular preguntas, seleccionar estratexias e toma-las decisións executivas pertinentes.

## Metodoloxía específica

A asignatura de Debuxo Técnico presentan unha metodoloxía específica común ó longo da etapa, que se manifesta na súa estrutura.

Os contidos tratados responden ós bloques establecidos na distribución e os contidos da materia, que, se se desenvolven de forma paralela nos dous cursos, nos seus epígrafes apréciase o nivel de afondamento.

Para Debuxo Técnico I:

1. Instrumentos, materiais e técnicas.
2. Xeometría plana.
3. Sistemas de representación.
4. Normalización e proxecto.

Para Debuxo Técnico II:

1. Xeometría plana.
2. Sistemas de representación.
3. Normalización e esbozo.
4. Debuxo técnico e arte.

Os **contidos da unidade** están estruturados en apartados e subapartados que reproducen a secuencia lóxica da aprendizaxe.

O desenvolvemento dos contidos segue unha completa exposición dos fundamentos teóricos acompañada do correspondente proceso de construción xeométrica, debuxos, ilustracións, táboas....

Sempre que se considera necesario, dispóñense en forma de táboa os sucesivos pasos da construción xeométrica e a súa explicación ó pé. O obxectivo desta disposición é conseguir que a visión da construción xeométrica e a lectura do texto explicativo sexan case simultáneas, o que facilita a aprendizaxe dos contidos procedimentais.

No bloque de xeometría descritiva expóñense de forma simultánea a representación espacial coa súa correspondente representación no plano para facilita-lo proceso de abstracción e desenvolve-la visión espacial do alumnado.

Os exemplos son modelos propostos que lle permiten ó alumno/a comprender, interpretar, analizar... os contidos, á vez que vai construíndo a armazón que lle permite a asimilación dos conceptos, procedementos e valores.



No bloque de xeometría descritiva proporcionaranselle ó alumnado unha serie de fotocopias de **Exercicios resoltos** que inclúe exercicios e problemas modelo que responden ós contidos da unidade e que están resoltos de forma dirixida. Despois de cada exercicio ou problema modelo, propóñense exercicios ou problemas que se resolven segundo o procedemento exposto.

As **Actividades** a desenrolar despois da exposición de cada unidade ou tema serán de diferentes tipos:

- Cuestións. Presenta actividades de razoamento, correspondentes ós apartados da unidade, para que o alumno/a consolide os contidos conceptuais.
- Exercicios. Que se irán propoñendo na clase ó remate de cada unidade. Consta dunha proposta de exercicios correspondentes ós apartados da unidade, para que o alumno/a reproduza e consolide os contidos procedimentais da unidade.
- Prácticas. Consta dunha proposta de prácticas globalizadoras da unidade, ordenadas de menor a maior dificultade, nas que terán que aplicarse un ou varios dos coñecementos adquiridos para a súa resolución. E na que tamén se inclúen exames de selectividade. Estas láminas de prácticas entregaránselle ao longo do curso.
- Nalgunhas unidades resáltase o uso do ordenador, e especificamente nunha unidade ofrécese unha ampla visión das posibilidades que proporcionan as tecnoloxías DAO no ámbito do debuxo técnico. Con isto preténdese que o alumno/a recoñeza o ordenador como unha ferramenta de traballo e expresión gráfica, se interese por aprender a manexalo e decida sobre a conveniencia ou non de usalo.

## **1. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Os recursos debense elixir pola súa capacidade de comunicación e aptitude didáctica do momento. Os medios, recursos e materiais son imprescindibles para desenrolar unha metodoloxía actual en calquera asignatura do Bacharelato especialmente no de Artes, a didáctica de ensinanza debe estar acorde cos adiantos tecnolóxicos que propicien cambios a nivel metodolóxico.

### Materiais de uso xeneralizado:

Xogos de regras e compás de encerado, diedro de cartón, Video, proxector de diapositivas, proxector de ordenador (presentacións en power point), fotocopias, videoteca e biblioteca de aula, arquivo de imaxes impresas e material infográfico.

### Materiais de uso específico:

Están relacionados cas diferentes actividades e as técnicas que se utilicen no seu desenrolo. Poden abarcar dende o máis fundamental como os xogos de regras, transportador de ángulos, escalímetro, compás, grafos, lápices, goma, ata o calibre, catálogos de papeis e outros materiais máis concretos de algúnha unidade como pasta moldeable para a creación de pezas para a representación axonométrica, vistas diédricas, etc...

## **2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO.**

AVALIACIÓN CONTINUA E ORDINARIA

En cada bloque temático poderase realizar **probos teóricos e prácticos** para avaliar o nivel de coñecemento adquirido sobre os contidos desenrolados. A nota obtida nestas probas teóricas significarán o 50% da nota.

**Os exercicios diarios e traballos das prácticas** suporán o 50% da nota .

No caso de no facerse probas de tipo práctico ou teórico ao final do trimestre a nota sera a media dos traballos realizados ata o 80 por cento e a actitude sera o 20 por cento.

As faltas de actitude e os **exercicios prácticos** de clase non entregados ou mal realizados podrá suponer unha redución da nota final de asta **2 puntos** como máximo.

A **nota final da avaliación ordinaria** será a media aritmética das tres avaliacións.

Na última semana de exames de maio realizarase unha proba extraordinaria coas seguintes características:

Non haberá exame de recuperación da 3ª avaliación nesas datas.

Terán dereito a participar nesta proba de recuperación os que acaden un **3 ou superior** como media das tres avaliacións. Se recuperará só unha avaliación, a que teña menor calificación.

No caso de facer o exame para subir nota farase daquela avaliación con peor nota.

#### AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

Para aqueles alumnos que non acadaron unha calificación de 5, na avaliación extraordinaria deberán realiza un exame dos contidos dados ao longo do curso.

### 7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos que teñan a materia pendente terán a posibilidade de realizar **dous exames parciais** sobre os contidos do curso. Normalmente o primeiro parcial referido a xeometría plana e o segundo parcial á normativa e xeometría descriptiva. No caso de o alumno non acadar a cualificación mínima para promocionar, **media aritmética** dos dous parciais, terá a posibilidade de realizar un **exame final** de toda a materia.

Aos alumnos se lles proporcionará unha serie de exercicios que deberán ir realizando ao longo do curso. O profesorado estará a disposición do alumnado para resolver calquera dúbida.

### 8. MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- Buscaráse durante as sesións lectivas, ofrecer ao alumnado unha atención individualizada, na medida do posible, así como a través dos exercicios propostos na clase permitir diferentes ritmos de traballo en función das necesidades individuais.
- En cada trimestre e ao final do curso poderanse programar probas para recuperar a parte da materia non superada polo alumno.
- Na confección dos exames escritos poderáse incluír exercicios, cuestións con diferentes niveis de dificultade para que o alumno teña a posibilidade de alcanzar os mínimos exixidos

# VOLUME

---

## 1. INTRODUCCIÓN

Dentro do contexto das artes plásticas e visuais, a materia de Volume ocúpase do estudo específico do espazo tridimensional e o volume no ámbito da expresión artística. Representa un segundo nivel de afondamento na aprendizaxe das linguaxes plásticas e visuais, que permite un coñecemento directo das calidades físicas, espaciais, estruturais e volumétricas dos obxectos. A aprendizaxe desta materia axudará a comprender que a forma, o tamaño, a cor e o acabado de grande parte dos obxectos producidos polas persoas veñen determinados, en boa medida, polos materiais cos que están construídos, a función, o uso e o ámbito cultural, ou polos significados e os valores que se lle queiran outorgar.

Deste xeito, a materia de Volume contribúe ao desenvolvemento de dous aspectos da formación artística estreitamente relacionados entre si: a percepción sensorial e intelectual da forma, e a creación de obxectos tridimensionais, con intencionalidade artística ou funcional.

O estudo desta materia desenvolve as capacidades e os mecanismos de percepción espacial, táctil e cinestésica, a memoria e o pensamento espaciais, e a capacidade creadora e o pensamento diverxente, mediante os cales o ser humano é capaz de achegar solucións diferentes, novas e orixinais.

A análise das manifestacións, artísticas ou non, da linguaxe tridimensional fomenta unha actitude estética cara ao medio en que se desenvolve a persoa, o que lle permite establecer un diálogo enriquecedor co ámbito físico e co resto da sociedade. Constitúe, ademais, un medio eficaz para o desenvolvemento da sensibilidade estética e de actitudes de aprecio e respecto cara ao patrimonio artístico e ás tradicións. Intenta, tamén, promover o interese por contribuír a mellorar os obxectos e os espazos que rodean o ser humano, desde un punto de vista estético e funcional, así como contribuír á renovación das formas e á procura de novos materiais que recollan e melloren as producións tradicionais.

Ao tratarse dunha materia de carácter eminentemente práctico, proporciónalle ao alumnado un dominio esencial e unha axeitada axilidade e destreza no manexo dos medios de expresión da linguaxe tridimensional, e o coñecemento das técnicas e os procedementos útiles, e os materiais máis comúns.

A materia estrutúrase en catro bloques: "Técnicas e materiais de configuración", "Elementos de configuración formal e espacial", "Análise da representación tridimensional" e "O volume no proceso de deseño". Pero estes bloques non teñen carácter secuencial, xa que se deben abordar de xeito simultáneo, ao tratarse dunha materia de carácter práctico.

## **2. OBXECTIVOS**

A ensinanza de volume no bacharelato terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- 1.** Coñecer e comprender a linguaxe tridimensional, adquirindo os procedementos artísticos básicos aplicados á creación de obras e obxectos de carácter volumétrico.  
Trátase de que o alumnado, sen chegar a un grao de afondamento propio dun nivel de especialización, acadase un certo dominio e axilidade no manexo dos medios básicos de expresión da linguaxe tridimensional, coñecendo as técnicas e os materiais comúns, e despregando un espírito aberto de investigación e experimentación persoal de novos medios expresivos, novas técnicas e novos materiais.
- 2.** Empregar de xeito eficaz os procesos de percepción en relación coas manifestacións tridimensionais desenvolvidas no espazo, sexan estas produtos do medio natural ou da actividade humana, artística ou industrial.  
Este obxectivo fai referencia á capacidade do alumnado para interiorizar as sensacións producidas por estímulos de carácter volumétrico, illando posibles interferencias ou distorsións producidas dentro do proceso perceptivo e valorando na súa medida as circunstancias nas que se produce certa percepción.
- 3.** Aplicar con destreza unha visión analítica e sintética ó enfrontarse ó estudo de obxectos e obras de arte de carácter tridimensional, mantendo unha postura activa de exploración do entorno para a procura de aquelas manifestacións susceptibles de ser tratadas ou entendidas como mensaxes de carácter tridimensional dentro do sistema icónico do medio cultural.  
Esta procura debe estar presidida por un marcado carácter reflexivo, afastado de prexuízos e ideas preconcebidas, que permita valorar e disfrutar dos obxectos como creacións plásticas na súa xusta medida.
- 4.** Analizar o entorno para a procura de aquelas configuracións susceptibles de ser tratadas ou entendidas como mensaxes de carácter tridimensional dentro do sistema icónico do medio cultural, aplicando con destreza a visión analítica e sintética ó enfrontarse ó estudo de obxectos e obras de arte de carácter tridimensional.  
Este obxectivo, como se pode comprender, está intimamente ligado ó exercicio dos mecanismos de percepción, xa que para coñecer a realidade do individuo non só debe "saber ver", senón que, ademais, debe razoar con espírito analítico sobre a natureza formal do obxecto de estudo, afondando nas súas estruturas e na súa lóxica interna, illando os diversos detalles e elementos superestructurais para chegar a comprender de xeito global esa realidade e, a partir dese coñecemento analítico, poder realizar unha labor de síntese.
- 5.** Desenvolver unha actitude reflexiva e creativa en relación cas cuestións formais e conceptuais da cultura visual da sociedade actual.  
Trátase de que o alumnado sexa capaz de confrontar os seus coñecementos, tanto técnicos coma conceptuais, ca información que lle aporta o proceso perceptivo á hora de axuizar mensaxes de carácter tridimensional, xa sexan estes propios ou alleos.
- 6.** Saber harmonizar os coñecementos teórico-prácticos que conforman a capacidade para emitir valoracións construtivas e de autocrítica a fin de desenvolver o sentido estético.  
Trasladar esta problemática ó proceso educativo expón a necesidade de que o alumnado realice un esforzo continuado por ofrecer solucións novas e diversas ante as cuestións formais e conceptuais que se manexen.

Volume. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Técnicas e materiais de configuración			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Materiais e ferramentas básicas para a creación de pezas tridimensionais: uso e coidado.</li> <li>▪ B1.2. Cálculo e planificación de necesidades de material.</li> <li>▪ B1.3. Fases da realización de obras tridimensionais. Planificación e organización dos procesos en función da técnica empregada.</li> <li>▪ B1.4. Materiais tradicionais e novos materiais na produción escultórica, artesá e de produtos de uso cotián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Identificar e utilizar correctamente os materiais e as ferramentas básicos para a elaboración de composicións tridimensionais, establecendo unha relación lóxica entre eles, e elixir os máis adecuados ás características formais, funcionais e estéticas da peza que cumpra realizar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B1.1.1. Identifica, almacena, conserva e prepara en condicións óptimas de utilización os materiais propios da súa actividade.</li> <li>▪ VO.B1.1.2. Coñece, mantén e utiliza as ferramentas e a maquinaria específicas do taller de volume en condicións de seguridade e hixiene.</li> <li>▪ VO.B1.1.3. Estima consumos e calcula volumes para optimizar o material necesario para a realización de cada peza.</li> <li>▪ VO.B1.1.4. Planifica e organiza as fases de realización dunha peza volumétrica en función da técnica seleccionada.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Técnicas básicas de escultura e de creación doutras obras tridimensionais.</li> <li>▪ B1.1. Materiais e ferramentas básicas para a creación de pezas tridimensionais: uso e coidado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- B1.2. Coñecer as principais técnicas de realización volumétrica, seleccionar as máis adecuadas e aplicarlas con destreza e eficacia á resolución de problemas de configuración espacial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B1.2.1. Desenvolve as técnicas básicas de configuración tridimensional con solvencia e en condicións de hixiene e seguridade.</li> <li>▪ VO.B1.2.2. Valora e utiliza de forma creativa e acorde coas intencións plásticas as posibilidades técnicas e expresivas dos diversos materiais, acabamentos e tratamentos cromáticos.</li> <li>▪ VO.B1.2.3. Explica, utilizando con propiedade a terminoloxía específica, as características de diversos métodos e técnicas do volume e a súa relación cos materiais utilizados.</li> </ul>

Volume. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Técnicas básicas de reprodución escultórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer e desenvolver con destreza as técnicas básicas de reprodución escultórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B1.3.1. Desenvolve as técnicas básicas de reprodución escultórica con solvencia e en condicións de hixiene e seguridade.</li> </ul>
Bloque 2. Elementos de configuración formal e espacial			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Elementos fundamentais da linguaxe bidimensional e tridimensional: punto e liña, plano, forma, espazo cheo e baleiro, textura, cor, luz, movemento, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe tridimensional, manexando a linguaxe da forma volumétrica e utilizándoa de xeito creativo na ideación e na realización de obra orixinal e composicións de índole funcional, decorativa ou ornamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B2.1.1. Identifica os principais elementos da linguaxe visual presentes en producións tridimensionais, sexan estas escultóricas ou obxectos do contorno cotiá.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Estrutura, forma e tratamento das superficies nas creacións tridimensionais. Aspectos decorativos.</li> <li>▪ B2.3. Tipos de formas: xeométricas e orgánicas, naturais e artificiais. Concavidade e convexidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Analizar e elaborar, a través de transformacións creativas, alternativas tridimensionais a obxectos de referencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B2.2.1. Analiza os elementos formais e estruturais de obxectos escultóricos sinxelos, e reproducéos fielmente, seleccionando a técnica e o material máis adecuados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Composición nas creacións tridimensionais: fundamentos.</li> <li>▪ B2.5. Aspectos comunicativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Realizar composicións creativas que evidencien a comprensión e a aplicación dos fundamentos compositivos da linguaxe tridimensional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B2.3.1. Realiza composicións tridimensionais, seleccionando e utilizando equilibradamente os principais elementos da linguaxe tridimensional.</li> <li>▪ VO.B2.3.2. Modifica os aspectos comunicativos dunha peza tridimensional, reelaborándoa con diferentes técnicas, materiais, formatos e acabamentos.</li> </ul>

Volume. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
▪ n	▪ B2.6. Obras e contorno: posición espacial, iluminación, etc. Obras que interactúan co/coa espectador/a.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B2.3.3. Experimenta coa iluminación e a posición espacial de diferentes pezas volumétricas, e valora de xeito argumentado a influencia que exercen sobre a percepción desta.</li> <li>▪ VO.B2.3.4. Idea e elabora alternativas compositivas á configuración tridimensional dun obxecto ou dunha peza de carácter escultórico, para dotala de diferentes significados.</li> <li>▪ VO.B2.3.5. Aplica as leis de composición creando esquemas de movementos e ritmos, empregando as técnicas e materiais con precisión.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Composición nas creacións tridimensionais: fundamentos.</li> <li>▪ B2.5. Aspectos comunicativos.</li> <li>▪ B2.7. Coherencia entre idea, forma e materia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Compoñer os elementos formais establecendo relacións coherentes e unificadas entre idea, forma e materia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B2.4.1. Descompón un obxecto ou unha peza de carácter escultórico en unidades elementais e reorganízalas elaborando novas composicións plasticamente expresivas, equilibradas e orixinais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Proporción e canon en diferentes culturas e períodos artísticos.</li> <li>▪ B2.2. Estrutura, forma e tratamento das superficies nas creacións tridimensionais. Aspectos decorativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Comprender a relación entre forma e proporción nas obras escultóricas e relaciónala cos canons de proporción de diferentes culturas e períodos artísticos, analizando e comparando as diferenzas canto a linguaxe compositiva existentes entre as realizacións volumétricas en relevo e as exentas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B2.5.1. Analiza e le imaxes de diferentes obras de escultóricas, identificando os principais elementos compositivos e diferenciando os aspectos decorativos dos estruturais.</li> </ul>
<b>Bloque 3. Análise da representación tridimensional</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Configuración tridimensional de obras escultóricas e funcionais.</li> <li>▪ B3.2. Forma e función nos obxectos de uso cotián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Explorar con iniciativa as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional, e utilízalas de xeito creativo na ideación e na realización de obra orixinal e composicións de índole funcional, decorativa e ornamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B3.1.1. Describe, utilizando con propiedade a terminoloxía propia da materia, os aspectos máis notables da configuración tridimensional de obxectos de uso cotián e a relación que se establece entre a súa forma e a súa función.</li> </ul>



Volume. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Análise de obxectos de uso cotián: estrutura e forma.</li> <li>▪ B3.4. Comunicación das obras tridimensionais: mensaxe.</li> <li>▪ B3.5. Graos de iconicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Analizar desde o punto de vista formal obxectos presentes na vida cotiá, identificando e apreciando os aspectos máis notables da súa configuración e a relación que se establece entre a súa forma e a súa estrutura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B3.2.1. Analiza os elementos formais, funcionais e estruturais de pezas tridimensionais sinxelas, e reproducas fielmente utilizando a técnica máis adecuada.</li> <li>▪ VO.B3.2.2. Identifica o grao de iconicidade de representacións volumétricas e relaciónao coas súas funcións comunicativas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Creación de formas tridimensionais a partir de superficies planas, por medio de superposicións, cortes, abatements, cambios de dirección e outras transformacións.</li> <li>▪ B3.7. Redes e patróns repetitivos tridimensionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Comprender e aplicar os procesos de abstracción inherentes a calquera representación, valorando as relacións que se establecen entre a realidade e as configuracións, tridimensionais elaboradas a partir dela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B3.3.1. Xera elementos volumétricos, prescindindo dos aspectos accidentais e plasmando as súas características estruturais básicas.</li> <li>▪ VO.B3.3.2. Idea e elabora alternativas á representación dun obxecto ou dunha peza escultórica sinxela, que evidencien a comprensión dos distintos graos de iconicidade das representacións tridimensionais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Comunicación das obras tridimensionais: mensaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Crear configuracións tridimensionais dotadas de significado nas que se estableza unha relación coherente entre a imaxe e o seu contido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B3.4.1. Utiliza os medios expresivos, as técnicas e os materiais en función do significado e os aspectos comunicativos de cada obra.</li> </ul>

Volume. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Disciplinas de creación tridimensional artística: escultura, instalacións, arte de acción, ilustración tridimensional, "paper cut", etc.</li> <li>▪ B3.9. Disciplinas de creación tridimensional funcional: deseño de obxectos, deseño de moda, xoiaría, deseño de espazos, etc.</li> <li>▪ B3.10. Producción industrial e artesanal de pezas tridimensionais.</li> <li>▪ B3.11. Producción artesanal tradicional e modernización das formas na creación contemporánea.</li> <li>▪ B3.12. Producción artesanal e deseño de produtos en Galicia. A cerámica de Sargadelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Desenvolver unha actitude reflexiva crítica e creativa en relación coas cuestións formais e conceptuais da cultura visual da sociedade da que forma parte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B3.5.1. Emite xuízos de valor argumentados respecto da produción tridimensional propia e allea con base nos seus coñecementos sobre a materia, o contorno, o seu gusto persoal e a súa sensibilidade.</li> </ul>
<b>Bloque 4. O volume no proceso de deseño</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Proxecto. Fases e metodoloxía de traballo desde a ideación á obra final.</li> <li>▪ B4.2. Características técnicas dos produtos segundo o seu uso e a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Valorar a metodoloxía xeral de proxectación, identificando e relacionando os elementos que interveñen na configuración formal dos obxectos e na súa funcionalidade, para resolver problemas de configuración espacial de obxectos tridimensionais de forma creativa, lóxica e racional, adecuando os ma-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B4.1.1. Desenvolve proxectos escultóricos sinxelos en función de condicionantes e dos requisitos específicos previamente determinados, utilizando a metodoloxía xeral de proxectación.</li> <li>▪ VO.B4.1.2. Determina as características técnicas segundo o tipo de produto e as súas intencións expresivas funcionais e comunicativas.</li> </ul>

Volume. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<p>súa intencionalidade estética.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Compilación e tratamento da información necesaria para planificar un proxecto e levar a termo unha peza tridimensional.</li> <li>▪ B4.4. Información gráfica necesaria para plasmar un proxecto en dúas e tres dimensións: bosquexo, planos, maquetas.</li> <li>▪ B4.5. Presentación de creacións tridimensionais propias e alleas, acompañadas de información gráfica e técnica. Exposición e defensa de proxectos.</li> <li>▪ B4.6. Comunicación de ideas en dúas e tres dimensións.</li> </ul>	<p>teriais á súa función estética e práctica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B4.1.3. Compila e analiza información relacionada con distintos aspectos do proxecto que se vaia desenvolver, para realizar propostas creativas e realizables, achegando solucións diversas e creativas ante un problema de deseño tridimensional, potenciando o desenvolvemento do pensamento diverxente.</li> <li>▪ VO.B4.1.4. Planifica o proceso de realización desde a primeira fase de ideación ata a elaboración da obra final.</li> <li>▪ VO.B4.1.5. Debuxa ou interpreta a información gráfica, tendo en conta as características e os parámetros técnicos e estéticos do produto, para o seu posterior desenvolvemento.</li> <li>▪ VO.B4.1.6. Desenvolve bosquexos, maquetas ou modelos de proba para visualizar a peza tridimensional e valorar a viabilidade da súa execución.</li> <li>▪ VO.B4.1.7. Realiza a peza definitiva e presenta o proxecto básico, incorporando a información gráfica e técnica.</li> <li>▪ VO.B4.1.8. Expón e presenta con corrección os proxectos, argumentándoos e defendéndoos con base nos seus aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Proceso de traballo. Traballo en equipo para a produción de obras tridimensionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Colaborar na realización de proxectos plásticos en grupo, valorando o traballo en equipo como unha fonte de riqueza na creación artística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VO.B4.2.1. Planifica o traballo, coordínase, participa activamente, e respecta e valora as realizacións do resto de integrantes do grupo nun traballo de equipo.</li> </ul>

## **5. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS:**

**1º trimestre:**

Bloque 1.

**2º trimestre:**

Bloque 2. Bloque 3.

**3º trimestre:**

Bloque 3, Bloque 4

## **6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN**

Avaliación inicial: mediante probas escritas, actividades e observación do alumno, obteremos unha información previa do grupo e de cada individuo.

Avaliación contínua: a avaliación dos procesos de aprendizaxe realizarase a través de:

- Exames
- A observación directa.
- Actividades na aula.
- Traballos

## **5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

A cualificación terá en conta a asimilación dos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Calificaranse as actividades, os exames e traballos feitos na aula, e teranse en conta tamén os procesos e actitudes desenvolvidos, durante os mesmos, a través da observación directa.

Unha vez exposto cada tema ou partes, realizaranse diferentes exercicios e exames nos que se deberán poñer en práctica os coñecementos para acadar os obxectivos de cada unidade. Todos estes exercicios serán cualificados de 0 a 10 e significarán un 30% da nota en cada avaliación, os exames outro 30 por cen e 30% restante da nota estará formada polos criterios actitudinais (interese, predisposición, constancia, implicación, respecto, orde, limpeza...) e asistencia.

Instrumentos de avaliación:

Fichas de cada alumno/a onde anotar referencias ó seu progreso. Probas escritas e prácticas.

Observación do alumnado e os seus procesos de traballo. Diario de clase coas actualizacións e evolución do alumnado. Traballos sobre os contidos preestablecidos.

Memorias, informes ou análises realizados polo alumnado. Debates e coloquios.

Proba de autoavaliación.

## **6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.**

A metodoloxía debe basearse nos procesos e estratexias que se requiren para resolver problemas reais en situacións concretas, e nas habilidades necesarias para o análise e comprensión das características, o funcionamento e as funcións dos obxectos técnicos.

Así pois, as decisións tomadas no que respecta á metodoloxía deberán ter en conta os seguintes principios:

As propostas de traballo deben ter un sentido e un significado claro para os alumnos.

A actividade do alumno, tanto intelectual como manual, debe formar parte fundamental do proceso de aprendizaxe.

Os contidos deben ter un carácter funcional, polo que se deben presentar no momento axeitado para resolver as necesidades e dificultades prantexadas no proceso de traballo.

As aprendizaxes relativas ao uso de materiais, ferramentas e máquinas para fabricar, analizar ou reparar obxectos, tendo en conta que esto debe ser un medio e nunca un fin.

O papel do profesor que deberá ser diferente en cada momento e sempre en función das necesidades derivadas de cada proceso e cada grupo de alumnos. A súa tarefa fundamental é organizar o proceso de aprendizaxe, seleccionando os obxectivos, definido as actividades, creando as situacións oportunas para que os alumnos constrúan, enriquezan, modifiquen e diversifiquen os seus esquemas de coñecemento, e avaliando a totalidade do proceso.

Os medios e recursos didácticos deben posibilitar a aprendizaxe en contacto coa realidade, resolvendo situacións problemáticas, modificando solucións anteriores ou rectificando erros.

As actividades deben posibilitar a aprendizaxe cooperativa mediante o traballo en grupo.

A axuda pedagóxica debe adaptarse ás necesidades de cada alumno e grupo. A avaliación do alumno debe ter un carácter básicamente formativo, como instrumento de axuda e orientación.

A avaliación das unidades didácticas debe ser responsabilidade tanto do profesor como dos alumnos, co fin de detectar limitacións e proponer melloras.

Aprendizaxe constructiva. Tal como indica o DCB haberá de empregarse unha metodoloxía activa na que o principio fundamental sexa “ aprender a ver” e a expresarse plásticamente mediante unha linguaxe baseada na percepción visual. O alumno irá contruíndo o seu coñecemento da materia a traveso da propia experiencia e axudado por actividades de observación, de apreciación do xeito en que outros se expresan, de autoexpresión e de autoaprendizaxe ou experimentación.

As actividades serán claras (enunciadas cunha linguaxe sinxela e precisa), proporcionalmente equilibradas aos contados e gratificantes para os alumnos na medida do posible. Evitarase a monotonía.

Procedemento de avaliación. Sistema de avaliación continua no que se estudará a evolución do alumno en cada trimestre e en suma ao longo de todo o curso. Ao remate do mesmo o alumno engadirá ao seu proxecto unha síntese dos coñecementos adquiridos.

Os criterios analízanse a partires da realización, por parte do alumno de actividades prácticas, do traballo diario na aula e na casa cando así se requira, e da avaliación de conceptos teóricos aplicados nos exercicios ou en exames cando o profesor o estime oportuno.

## **7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Os recursos deben elixirse pola súa capacidade de comunicaoión e aptitude didáctica do momento. Os medios, recursos e materiais son imprescindibles para desenrolar unha metodoloxía actual en calquera asignatura do Bacharelato de Artes, a didáctica de ensinanza debe estar acorde cos adiantos tecnolóxicos que propicien cambios a nivel metodolóxico.

### *Materiais de uso xeneralizado:*

Video, proxector de diapositivas, proxector de ordenador (presentacións en *power point*), fotocopias, videoteca e biblioteca de aula, arquivo de imaxes impresas e material infográfico.

### *Materiais de uso específico:*

Están relacionados cas diferentes actividades e as técnicas que se utilicen no seu desenrolo: pasta de modelar, arame, barro, escaiola, xabón, madeira, paus de modelar, baleiradores, bariñas, gubias, formóns, cartón, metal, plástico... e calqueira material de desfeito suscetible de aproveitamento.

## **8. PLAN DE TRABALLO PARA O ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.**

O plano de recuperación da asignatura consta de dous apartados: un exame escrito da parte teórica e a realización dunha serie de traballos prácticos.

- No exame escrito o alumno/a deberá contestar a cuestións relacionadas cos contidos teóricos da asignatura.
- Os traballos prácticos están divididos en tres bloques e deberán ser entregados ó remate de cada un dos trimestres. Os correspondentes ó 3º bloque entregaranse o día do exame escrito que será no mes de maio.

Os membros do Departamento de Debuxo:

Xefe departamento

Profesor departamento